

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**13756** *Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### PREÁMBULO

A reforma do artigo 135 da Constitución española, na súa nova redacción dada en 2011, consagra a estabilidade orzamentaria como principio reitor que debe presidir as actuacións de todas as administracións públicas. En desenvolvemento deste precepto constitucional aprobouse a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que exige novas adaptacións da normativa básica en materia de administración local para a adecuada aplicación dos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira ou eficiencia no uso dos recursos públicos locais. Todo isto exige adaptar algúns aspectos da organización e funcionamento da Administración local así como mellorar o seu control económico-financeiro.

Por todo o exposto, transcorridos case trinta anos desde a entrada en vigor da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e con máis dunha vintena de modificacións do seu texto orixinal, cabe sinalar que chegou o momento de someter a unha revisión profunda o conxunto de disposicións relativas ao completo estatuto xurídico da Administración local.

Con este propósito fórmase esta reforma que persegue varios obxectivos básicos: clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias doutras administracións de forma que se faga efectivo o principio «unha Administración, unha competencia», racionalizar a estrutura organizativa da Administración local de acordo cos principios de eficiencia, estabilidade e sustentabilidade financeira, garantir un control financeiro e orzamentario máis rigoroso e favorecer a iniciativa económica privada evitando intervencións administrativas desproporcionadas.

Respecto ao obxectivo de clarificar as competencias locais e avanzar no principio «unha Administración, unha competencia», trátase de evitar os problemas de solapamentos competenciais entre administracións até agora existentes.

En efecto, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, deseñou un modelo competencial que deu lugar a disfuncionalidades e xera en non poucos supostos situacións de concorrencia competencial entre varias administracións públicas, duplicidade na prestación de servizos, ou que os concellos presten servizos sen un título competencial específico que os habilite e sen contar cos recursos adecuados para isto, dando lugar ao exercicio de competencias que non teñen legalmente atribuídas nin delegadas e á duplicidade de competencias entre administracións. O sistema competencial dos municipios españois configúrase na praxe como un modelo excesivamente complexo, do cal derivan dúas consecuencias que inciden sobre planos diferentes.

Por unha parte, este sistema competencial municipal fai que se desdubuxe a responsabilidade dos gobernos locais no seu exercicio e se confunda cos ámbitos competenciais propios doutras administracións públicas, xerando, en non poucas ocasións, o desconcerto dos cidadáns que descoñecen cal é a Administración responsable dos servizos públicos.

Por outra parte, existe unha estreita vinculación entre a disfuncionalidade do modelo competencial e as facendas locais. Nun momento en que o cumprimento dos compromisos europeos sobre consolidación fiscal é de máxima prioridade, a Administración local tamén debe contribuír a este obxectivo racionalizando a súa estrutura, nalgúns casos sobredimensionada, e garantindo a súa sustentabilidade financeira.

Precisamente esta estreita vinculación determina que resulte xustificada, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, STC 233/99, a cita conxunta dos títulos competenciais recollidos no artigo 149.1.14.<sup>a</sup>, sobre facenda xeral e débeda do Estado, e no artigo 149.1.18.<sup>a</sup>, sobre bases do réxime xurídico das administracións públicas. Neste sentido, o Tribunal Constitucional xustificou non só a cita conxunta de ambos os títulos, senón, con carácter limitado, a prevalencia do referido á facenda xeral en supostos determinados. Así, precisou que, dado que frecuentemente a regulación da facenda local estará chamada a incidir sobre o dito réxime xurídico, só de maneira puntual poderá o Estado regular con carácter exclusivo tal materia facendo prevalecer o outro título competencial a que fai referencia na actualidade, o artigo 1.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Isto é, o da facenda xeral do artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución. Así ocorrerá, en efecto, naqueles casos en que a normativa estatal teña por obxecto a regulación de institucións comúns ás distintas facendas ou de medidas de coordinación entre a Facenda estatal e as facendas das corporacións locais. Ou tamén cando a súa finalidade sexa a salvagarda da suficiencia financeira das facendas locais garantida polo artigo 142 da Constitución, en canto orzamento indispensable para o exercicio da autonomía local constitucionalmente recoñecido nos artigos 137, 140 e 141 da Constitución.

Así, a política orzamentaria de todos os poderes públicos, incluídos os locais, deberase adecuar aos principios reitores da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, ditada en desenvolvemento do artigo 135 da Constitución.

Con este apoio constitucional, o Estado exerce a súa competencia de reforma da Administración local para tratar de definir con precisión as competencias que deben ser desenvolvidas pola Administración local, diferenciándoas das competencias estatais e autonómicas. Neste sentido, enumérase unha lista de materias en que os municipios deben exercer, en todo caso, competencias propias e establécese unha reserva formal de lei para a súa determinación, así como unha serie de garantías para a súa concreción e exercicio. As entidades locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a lei e para as que non contan co financiamento adecuado. Por tanto, só poderán exercer competencias distintas das propias ou das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da facenda municipal e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración pública. De igual modo, a estabilidade orzamentaria vincula dunha forma directa a celebración de convenios entre administracións e a eliminación de duplicidades administrativas.

Por outra parte, a delegación de competencias estatais ou autonómicas nos municipios debe ir acompañada da correspondente dotación orzamentaria, a súa duración non será inferior aos 5 anos e a Administración que delega reservará para si os mecanismos de control precisos para asegurar a adecuada prestación do servizo delegado.

Outra das medidas adoptadas na lei é a de reforzar o papel das deputacións provinciais, cabidos, consellos insulares ou entidades equivalentes. Isto lévase a cabo mediante a coordinación polas deputacións de determinados servizos mínimos nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes ou a atribución a estas de novas funcións como a prestación de servizos de recadación tributaria, administración electrónica ou contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes, a súa participación activa na elaboración e seguimento nos plans económico-

financeiros ou os labores de coordinación e supervisión, en colaboración coas comunidades autónomas, dos procesos de fusión de municipios.

A este respecto, cabe sinalar que por primeira vez se introducen medidas concretas para fomentar a fusión voluntaria de municipios de forma que se potencien os municipios que se fusionan xa que contribúen a racionalizar as súas estruturas e superar a atomización do mapa municipal.

Entre estas medidas de incentivo encóntranse o incremento do seu financiamento, a preferencia na asignación de plans de cooperación local ou de subvencións, ou a dispensa na prestación de novos servizos obrigatorios como consecuencia do aumento poboacional. Ademais, se se acordar entre os municipios fusionados, algún deles podería funcionar como forma de organización desconcentrada, o que permitiría conservar a identidade territorial e denominación dos municipios fusionados aínda que perdan a súa personalidade xurídica. Por último, estas medidas de fusiós municipais incentivadas, que encontran apoio na máis recente xurisprudencia constitucional, STC 103/2013, do 25 de abril, suporán, en definitiva, que os municipios fusionados percibirán un aumento do financiamento na medida en que os municipios de menor poboación recibirán menos financiamento.

Así mesmo, inclúese unha revisión do conxunto das entidades instrumentais que conforman o sector público local, unha racionalización dos seus órganos de goberno e unha ordenación responsable das retribucións do persoal ao servizo das corporacións locais, calquera que sexa a natureza xurídica da súa relación coa Administración.

Os antecedentes inmediatos da reestruturación do sector público local son os acordos entre o Goberno da Nación e as entidades locais do 7 de abril de 2010 e do 25 de xaneiro de 2012. O primeiro, máis xenérico, definido como acordo marco coas entidades locais sobre sustentabilidade das finanzas públicas 2010-2013, establecía a aprobación por parte desas entidades dun plan de racionalización das estruturas dos seus respectivos sectores públicos, administrativos e empresariais, co obxectivo de mellorar a eficiencia e reducir o gasto público. O segundo, definido como acordo de reordenación e racionalización do sector público instrumental local e de control, eficiencia e redución do gasto público xestionado por aquel, perseguía disciplinar a actividade das administracións públicas sen menoscabo da calidade dos servizos que prestan. Para isto consideraba como eixe principal as medidas de redución da dimensión do sector público local, o que implicaba a necesidade de controlar a súa actividade e racionalizar a súa organización.

Nese contexto, trátase de impedir a participación ou constitución de entidades instrumentais polas entidades locais cando estean suxeitas a un plan económico-financieiro ou a un plan de axuste. En canto ás existentes que se encontren en situación deficitaria, exíxeselles o seu saneamento e, se este non se produce, deberase proceder á súa disolución. Por último, prohíbese, en todo caso, a creación de entidades instrumentais de segundo nivel, é dicir, unidades controladas por outras que, pola súa vez, o estean polas entidades locais. Esta prohibición, motivada por razóns de eficiencia e de racionalidade económica, obriga á disolución daquelas que xa existan no momento da entrada en vigor da presente norma no prazo previsto.

Por outra parte, introdúcense novas medidas dirixidas á racionalización organizativa e integración coordinada de servizos que, xunto ás xa previstas no artigo 21 da Lei orgánica de 2/2012, do 27 de abril, se deberán incluír nos plans económico-financieiros das entidades locais.

Así mesmo, como medida de transparencia, establécese a obrigaón de determinar o custo efectivo dos servizos que prestan as entidades locais, de acordo con criterios comúns, e dispónse a súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa publicación. Esta medida considérase un paso fundamental na mellora da información dispoñible, eliminando asimetrías, para a toma de decisións dos cidadáns e da Administración, e contribuirá de forma permanente ao aumento da eficiencia. Neste sentido, coa publicación agregada da información de todos os custos efectivos dos servizos prestados por todas as entidades locais, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas contribúe a garantir o cumprimento do principio de eficiencia de

conformidade co artigo 7 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Para lograr un control económico-orzamentario máis rigoroso, refórzase o papel da función interventora nas entidades locais. Deste modo, a partir de agora o Goberno fixará as normas sobre os procedementos de control, metodoloxía de aplicación, criterios de actuación, así como dereitos e deberes no desenvolvemento das funcións públicas necesarias en todas as corporacións locais. Con isto, cóbrese un baleiro legal e faise posible a aplicación xeneralizada de técnicas, como a auditoría nas súas diversas vertentes, ás entidades locais en termos homoxéneos aos desenvolvidos noutros ámbitos do sector público. Para isto, contarase coa participación da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Así mesmo, co obxecto de reforzar a súa independencia con respecto ás entidades locais en que prestan os seus servizos os funcionarios con habilitación de carácter nacional, corresponde ao Estado a súa selección, formación e habilitación, así como a potestade sancionadora nos casos das infraccións máis graves.

Este enfoque suporá unha maior transparencia na información económico-financeira das entidades locais, o que contribuirá, sen lugar a dúbidas, a mellorar a toma de decisións polos cargos electos no exercicio do mandato representativo que teñen encomendado constitucionalmente.

Consecuencia disto, considérase oportuno clarificar e deslindar o diferente ámbito de actuación que é consubstancial a unhas e outras funcións. Así, mentres que as propias do réxime de intervención e fiscalización quedan suxeitas a parámetros de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, as correspondentes á actuación do cargo electo quedan baseadas necesariamente en aspectos de oportunidade ou conveniencia.

Na liña de garantir a profesionalidade e a eficacia das funcións de control interno, a lei tamén regula o réxime dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional.

Finalmente, para favorecer a iniciativa económica privada, evitando intervencións administrativas desproporcionadas, limítase o uso de autorizacións administrativas para iniciar unha actividade económica a casos nos cales a súa necesidade e proporcionalidade queden claramente xustificadas. Así mesmo, suprímense monopolios municipais que viñan herdados do pasado e que recaen sobre sectores económicos puxantes na actualidade.

A presente lei ten como obxecto principal modificar a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Así mesmo, derróganse, entre outras, a disposición adicional segunda e a disposición transitoria sétima da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e modifícase a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para incluír unha nova disposición adicional.

E do mesmo modo, a presente lei quere contribuír a dar un novo impulso aos obxectivos e aos mandatos a que responde a vixente Lei de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal de 2003 e, en particular, á eliminación de barreiras e obstáculos que poidan limitar a plena integración, a participación, o acceso á información e a igualdade de oportunidades das persoas que padecen discapacidade.

Por outra parte, a lei inclúe unha serie de disposicións adicionais e de disposicións transitorias, entre as cales destacan aquelas que se refiren á asunción polas comunidades autónomas das competencias relativas á saúde e a servizos sociais, que quedan referenciadas ao que será o novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais.

A lei cérrase cunha disposición derogatoria única e seis disposicións derradeiras que aluden, entre outros elementos, aos títulos competenciais en virtude dos cales se aproba esta lei e a súa inmediata entrada en vigor.

**Artigo primeiro.** *Modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, queda modificada como segue:

Un. O número 1 do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«1. Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos municipios, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente o círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.»

Dous. O número 2 do artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«2. Gozan, así mesmo, da condición de entidades locais:

- a) As comarcas ou outras entidades que agrupen varios municipios, constituídas polas comunidades autónomas de conformidade con esta lei e os correspondentes estatutos de autonomía.
- b) As áreas metropolitanas.
- c) As mancomunidades de municipios.»

Tres. O artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«1. As competencias das entidades locais son propias ou atribuídas por delegación.

2. As competencias propias dos municipios, as provincias, as illas e demais entidades locais territoriais só poderán ser determinadas por lei e exércense en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade, atendendo sempre á debida coordinación na súa programación e execución coas demais administracións públicas.

3. O Estado e as comunidades autónomas, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nas entidades locais o exercicio das súas competencias.

As competencias delegadas exércense nos termos establecidos na disposición ou no acordo de delegación, segundo corresponda, con suxeición ás regras establecidas no artigo 27, e preverán técnicas de dirección e control de oportunidade e eficiencia.

4. As entidades locais só poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración pública. Para estes efectos, serán necesarios e vinculantes os informes previos da Administración competente por razón de materia, en que se sinala a inexistencia de duplicidades, e da Administración que teña atribuída a tutela financeira sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias.

En todo caso, o exercicio destas competencias deberase realizar nos termos previstos na lexislación do Estado e das comunidades autónomas.»

Catro. Modifícase o número 3 e engádesse un novo número 4 ao artigo 10, coa seguinte redacción:

«3. En especial, a coordinación das entidades locais terá por obxecto asegurar o cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

4. As funcións de coordinación serán compatibles coa autonomía das entidades locais.»

Cinco. Modifícase o artigo 13, que queda redactado como segue:

«Artigo 13.

1. A creación ou supresión de municipios, así como a alteración de termos municipais, regularanse pola lexislación das comunidades autónomas sobre réxime local, sen que a alteración de termos municipais poida supor, en ningún caso, modificación dos límites provinciais. Requirirán, en todo caso, audiencia dos municipios interesados e ditame do Consello de Estado ou do órgano consultivo superior dos consellos de goberno das comunidades autónomas, se existir, así como informe da Administración que exerza a tutela financeira. Simultaneamente á petición deste ditame darase coñecemento á Administración xeral do Estado.

2. A creación de novos municipios só se poderá realizar sobre a base de núcleos de poboación territorialmente diferenciados, de polo menos 5.000 habitantes, e sempre que os municipios resultantes sexan financeiramente sustentables, contén con recursos suficientes para o cumprimento das competencias municipais e non supoña diminución na calidade dos servizos que viñan sendo prestados.

3. Sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, o Estado, atendendo a criterios xeográficos, sociais, económicos e culturais, poderá establecer medidas que tendan a fomentar a fusión de municipios co fin de mellorar a capacidade de xestión dos asuntos públicos locais.

4. Os municipios, con independencia da súa poboación, lindeiros dentro da mesma provincia, poderán acordar a súa fusión mediante un convenio de fusión, sen prexuízo do procedemento previsto na normativa autonómica. O novo municipio resultante da fusión non se poderá segregar até transcorridos dez anos desde a adopción do convenio de fusión.

Ao municipio resultante desta fusión seralle de aplicación o seguinte:

a) O coeficiente de ponderación que resulte de aplicación de acordo co artigo 124.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, incrementarase en 0,10.

b) O esforzo fiscal e o inverso da capacidade tributaria que lle corresponda en ningún caso poderá ser inferior ao máis elevado dos valores previos que tivese cada municipio por separado antes da fusión, de acordo co artigo 124.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

c) O seu financiamento mínimo será a suma dos financiamentos mínimos que tivese cada municipio por separado antes da fusión, de acordo co artigo 124.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

d) Da aplicación das regras contidas nas letras anteriores non poderá derivar, para cada exercicio, un importe total superior ao que resulte do disposto no artigo 123 do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

e) Sumaranse os importes das compensacións que, por separado, corresponden aos municipios que se fusionen e que derivan da reforma do imposto sobre actividades económicas da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das

facendas locais, actualizadas nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en cada exercicio respecto a 2004, así como a compensación adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en cada exercicio respecto a 2006.

f) Queda dispensado de prestar novos servizos mínimos dos previstos no artigo 26 que lle corresponda por razón do seu aumento poboacional.

g) Durante, ao menos, os cinco primeiros anos desde a adopción do convenio de fusión, terá preferencia na asignación de plans de cooperación local, subvencións, convenios ou outros instrumentos baseados na concorrencia. Este prazo poderá ser prorrogado pola Lei de orzamentos xerais do Estado.

A fusión comportará:

a) A integración dos territorios, poboacións e organizacións dos municipios, incluíndo os medios persoais, materiais e económicos do municipio fusionado. Para estes efectos, o pleno de cada corporación aprobará as medidas de redimensionamento para a adecuación das estruturas organizativas, inmobiliarias, de persoal e de recursos resultantes da súa nova situación. Da execución das citadas medidas non poderá derivar incremento ningún da masa salarial nos municipios afectados.

b) O órgano do goberno do novo municipio resultante estará constituído transitoriamente pola suma dos concelleiros dos municipios fusionados nos termos previstos na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

c) Se se acorda no convenio de fusión, cada un dos municipios fusionados, ou algún deles, poderá funcionar como forma de organización desconcentrada de conformidade co previsto no artigo 24 bis.

d) O novo municipio subrogarase en todos os dereitos e obrigacións dos anteriores municipios, sen prexuízo do previsto na letra e).

e) Se un dos municipios fusionados estiver en situación de déficit poderanse integrar, por acordo dos municipios fusionados, as obrigacións, bens e dereitos patrimoniais que se consideren liquidables nun fondo, sen personalidade xurídica e con contabilidade separada, adscrito ao novo municipio, que designará un liquidador ao cal lle corresponderá a liquidación deste fondo. Esta liquidación deberase levar a cabo durante os cinco anos seguintes desde a adopción do convenio de fusión, sen prexuízo dos posibles dereitos que poidan corresponder aos acredores. A aprobación das normas a que se terá que axustar a contabilidade do fondo corresponderá ao ministro de Facenda e Administracións Públicas, por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado.

f) O novo municipio aprobará un novo orzamento para o exercicio orzamentario seguinte á adopción do convenio de fusión.

5. As deputacións provinciais ou entidades equivalentes, en colaboración coa comunidade autónoma, coordinarán e supervisarán a integración dos servizos resultantes do proceso de fusión.

6. O convenio de fusión deberá ser aprobado por maioría simple de cada un dos plenos dos municipios fusionados. A adopción dos acordos previstos no artigo 47.2, sempre que deriven dunha fusión, será por maioría simple dos membros da corporación.»

Seis. Modifícase a letra f) do número 2 do artigo 16 nos seguintes termos:

«f) Número de documento nacional de identidade ou, tratándose de estranxeiros:

– Número da tarxeta de residencia en vigor, expedida polas autoridades españolas, ou, no seu defecto, número do documento acreditativo da identidade ou

do pasaporte en vigor expedido polas autoridades do país de procedencia, tratándose de cidadáns nacionais de Estados membros da Unión Europea, doutros Estados parte no acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou de Estados aos cales, en virtude dun convenio internacional, se estenda o réxime xurídico previsto para os cidadáns dos Estados mencionados.

– Número de identificación de estranxeiro que conste no documento en vigor, expedido polas autoridades españolas, ou, no seu defecto, por non seren titulares deste, o número do pasaporte en vigor expedido polas autoridades do país de procedencia, tratándose de cidadáns nacionais de Estados non comprendidos no inciso anterior deste parágrafo, salvo que, por virtude de tratado ou acordo internacional, gocen dun réxime específico de exención de visado en materia de pequeno tráfico fronteirizo co municipio en que se pretenda o empadramento, caso en que se exixirá o correspondente visado.»

Sete. Inclúese un novo artigo 24 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 24 bis.

1. As leis das comunidades autónomas sobre réxime local regularán os entes de ámbito territorial inferior ao municipio, que carecerán de personalidade xurídica, como forma de organización desconcentrada del para a administración de núcleos de poboación separados, baixo a súa denominación tradicional de casaríos, parroquias, aldeas, barrios, anteigrexas, concellos, pedanías, lugares anexos e outros análogos, ou aquela que establezan as leis.

2. A iniciativa corresponderá indistintamente á poboación interesada ou ao concello correspondente. Este último debe ser oído en todo caso.

3. Só se poderán crear este tipo de entes se resulta unha opción máis eficiente para a Administración desconcentrada de núcleos de poboación separados de acordo cos principios previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.»

Oito. O artigo 25 queda redactado como segue:

«1. O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

2. O municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, as seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.



- i) Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.
- j) Protección da salubridade pública.
- k) Cemiterios e actividades funerarias.
- l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.
- m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.
- n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.
- ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sustentable das tecnoloxías da información e as comunicacións.

3. As competencias municipais nas materias enunciadas neste artigo determinaranse por lei e deberase avaliar a conveniencia da implantación de servizos locais conforme os principios de descentralización, eficiencia, estabilidade e sustentabilidade financeira.

4. A lei a que se refire o número anterior deberá ir acompañada dunha memoria económica que reflecta o impacto sobre os recursos financeiros das administracións públicas afectadas e o cumprimento dos principios de estabilidade, sustentabilidade financeira e eficiencia do servizo ou a actividade. A lei debe prever a dotación dos recursos necesarios para asegurar a suficiencia financeira das entidades locais sen que isto poida comportar, en ningún caso, un maior gasto das administracións públicas.

Os proxectos de leis estatais acompañaranse dun informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en que se acrediten os criterios antes sinalados.

5. A lei determinará a competencia municipal propia de que se trate e garantizará que non se produce unha atribución simultánea da mesma competencia a outra Administración pública».

Nove. O artigo 26 queda redactado como segue:

«1. Os municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

a) En todos os municipios: iluminación pública, cemiterio, recolla de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais, parque público, biblioteca pública e tratamento de residuos.

c) Nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais, protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

d) Nos municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais, transporte colectivo urbano de viaxeiros e ambiente urbano.

2. Nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes será a deputación provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos:

- a) Recolla e tratamento de residuos.
- b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.
- c) Limpeza viaria.
- d) Acceso aos núcleos de poboación.

- e) Pavimentación de vías urbanas.
- f) Iluminación pública.

Para coordinar a citada prestación de servizos a deputación propondrá, coa conformidade dos municipios afectados, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a forma de prestación, consistente na prestación directa pola deputación ou na implantación de fórmulas de xestión compartida a través de consorcios, mancomunidades ou outras fórmulas. Para reducir os custos efectivos dos servizos o mencionado ministerio decidirá sobre a proposta formulada, que deberá contar co informe preceptivo da comunidade autónoma se é a Administración que exerce a tutela financeira.

Cando o municipio xustifique ante a deputación que pode prestar estes servizos cun custo efectivo menor que o derivado da forma de xestión proposta pola deputación provincial ou entidade equivalente, o municipio poderá asumir a prestación e coordinación destes servizos se a deputación o considera acreditado.

Cando a deputación ou entidade equivalente asuma a prestación destes servizos repercutirá aos municipios o custo efectivo do servizo en función do seu uso. Se estes servizos están financiados por taxas e asume a súa prestación a deputación ou entidade equivalente, será a esta a quen vaia destinada a taxa para o financiamento dos servizos.

3. A asistencia das deputacións ou entidades equivalentes aos municipios, prevista no artigo 36, dirixirase preferentemente ao establecemento e adecuada prestación dos servizos mínimos.»

Dez. O artigo 27 queda redactado como segue:

«1. O Estado e as comunidades autónomas, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nos municipios o exercicio das súas competencias.

A delegación deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, contribuír a eliminar duplicidades administrativas e ser acorde coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A delegación deberá determinar o alcance, contido, condicións e a súa duración, que non poderá ser inferior a cinco anos, así como o control de eficiencia que reserve para si a Administración delegante e os medios persoais, materiais e económicos que esta asigne, sen que poida supor un maior gasto das administracións públicas.

Á delegación deberase xuntar unha memoria económica onde se xustifiquen os principios a que se refire o parágrafo segundo deste número e se valore o impacto no gasto das administracións públicas afectadas sen que, en ningún caso, poida comportar un maior gasto para estas.

2. Cando o Estado ou as comunidades autónomas deleguen en dous ou máis municipios da mesma provincia unha ou varias competencias comúns, a dita delegación deberase realizar seguindo criterios homoxéneos.

A Administración delegante poderá solicitar a asistencia das deputacións provinciais ou entidades equivalentes para a coordinación e seguimento das delegacións previstas neste número.

3. Co obxecto de evitar duplicidades administrativas, mellorar a transparencia dos servizos públicos e o servizo á cidadanía e, en xeral, contribuír aos procesos de racionalización administrativa, xerando un aforro neto de recursos, a Administración do Estado e as das comunidades autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias:

- a) Vixilancia e control da contaminación ambiental.
- b) Protección do medio natural.
- c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.
- d) Conservación ou mantemento de centros sanitarios asistenciais de titularidade da comunidade autónoma.

- e) Creación, mantemento e xestión das escolas infantís de educación de titularidade pública de primeiro ciclo de educación infantil.
- f) Realización de actividades complementarias nos centros docentes.
- g) Xestión de instalacións culturais de titularidade da comunidade autónoma ou do Estado, con estrita suxeición ao alcance e condicións que derivan do artigo 149.1.28.<sup>a</sup> da Constitución española.
- h) Xestión das instalacións deportivas de titularidade da comunidade autónoma ou do Estado, incluíndo as situadas nos centros docentes cando se usen fóra do horario lectivo.
- i) Inspección e sanción de establecementos e actividades comerciais.
- j) Promoción e xestión turística.
- k) Comunicación, autorización, inspección e sanción dos espectáculos públicos.
- l) Liquidación e recadación de tributos propios da comunidade autónoma ou do Estado.
- m) Inscripción de asociacións, empresas ou entidades nos rexistros administrativos da comunidade autónoma ou da Administración do Estado.
- n) Xestión de oficinas unificadas de información e tramitación administrativa.
- o) Cooperación coa Administración educativa a través dos centros asociados da Universidade Nacional de Educación a Distancia.

4. A Administración delegante poderá, para dirixir e controlar o exercicio dos servizos delegados, ditar instrucións técnicas de carácter xeral e solicitar, en calquera momento, información sobre a xestión municipal, así como enviar comisionados e formular os requirimentos pertinentes para a emenda das deficiencias observadas. En caso de incumprimento das directrices, denegación das informacións solicitadas ou inobservancia dos requirimentos formulados, a Administración delegante poderá revogar a delegación ou executar por si mesma a competencia delegada en substitución do municipio. Os actos do municipio poderán ser impugnados ante os órganos competentes da Administración delegante.

5. A efectividade da delegación requirirá a súa aceptación polo municipio interesado.

6. A delegación deberá ir acompañada, en todo caso, do correspondente financiamento, para o cal será necesaria a existencia de dotación orzamentaria adecuada e suficiente nos orzamentos da Administración delegante para cada exercicio económico, e será nula sen a dita dotación.

O incumprimento das obrigacións financeiras por parte da Administración autonómica delegante facultará a entidade local delegada para compensalas automaticamente con outras obrigacións financeiras que esta teña con aquela.

7. A disposición ou acordo de delegación establecerá as causas de revogación ou renuncia da delegación. Entre as causas de renuncia estará o incumprimento das obrigacións financeiras por parte da Administración delegante ou cando, por circunstancias sobrevidas, se xustifique suficientemente a imposibilidade do seu desempeño pola Administración en que foron delegadas, sen menoscabo do exercicio das súas competencias propias. O acordo de renuncia adoptará o pleno da respectiva entidade local.

8. As competencias delegadas exércense conforme a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas.»

Once. Suprímese o contido do artigo 28.

Doce. Introdúcese un novo artigo 32 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 32 bis. *Persoal directivo de deputacións, cabidos e consellos insulares.*

O nomeamento do persoal directivo que, se for o caso, houbese nas deputacións, cabidos e consellos insulares deberase efectuar de acordo con criterios de competencia profesional e experiencia, entre funcionarios de carreira

do Estado, das comunidades autónomas, das entidades locais ou con habilitación de carácter nacional que pertencen a corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1, salvo que o correspondente regulamento orgánico permita que, en atención ás características específicas das funcións de tales órganos directivos, o seu titular non reúna a condición de funcionario.»

Trece. Modifícase o artigo 36, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Son competencias propias da deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes:

a) A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada a que se refire a letra a) do número 2 do artigo 31.

b) A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso, garantirá nos municipios de menos de 1.000 habitantes a prestación dos servizos de secretaría e intervención.

c) A prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, se for o caso, supracomarcal, e o fomento ou, se for o caso, coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá a prestación dos servizos de tratamento de residuos nos municipios de menos de 5.000 habitantes, e de prevención e extinción de incendios nos de menos de 20.000 habitantes, cando estes non procedan á súa prestación.

d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

e) O exercicio de funcións de coordinación nos casos previstos no artigo 116 bis.

f) Asistencia na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria, en período voluntario e executivo, e de servizos de apoio á xestión financeira dos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.

g) A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.

h) O seguimento dos custos efectivos dos servizos prestados polos municipios da súa provincia. Cando a deputación detecte que estes custos son superiores aos dos servizos coordinados ou prestados por ela, ofrecerá aos municipios a súa colaboración para unha xestión coordinada máis eficiente dos servizos que permita reducir estes custos.

i) A coordinación mediante convenio, coa comunidade autónoma respectiva, da prestación do servizo de mantemento e limpeza dos consultorios médicos nos municipios con poboación inferior a 5000 habitantes.

2. Para os efectos do disposto nas letras a), b) e c) do número anterior, a deputación ou entidade equivalente:

a) Aproba anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, en cuxa elaboración deben participar os municipios da provincia. O plan, que deberá conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, criterios que en todo caso deben ser obxectivos e equitativos e entre os que estará a análise dos custos efectivos dos servizos dos municipios, poderase financiar con medios propios da deputación ou entidade equivalente, as achegas municipais e as subvencións que acorden a comunidade autónoma e o Estado con cargo aos seus respectivos orzamentos. Sen prexuízo das competencias recoñecidas nos estatutos de autonomía e das anteriormente asumidas e ratificadas por estes, a comunidade

autónoma asegura, no seu territorio, a coordinación dos diversos plans provinciais, de acordo co previsto no artigo 59 desta lei.

Cando a deputación detecte que os custos efectivos dos servizos prestados polos municipios son superiores aos dos servizos coordinados ou prestados por ela, incluíra no plan provincial fórmulas de prestación unificada ou supramunicipal para reducir os seus custos efectivos.

O Estado e a comunidade autónoma, se for o caso, poden suxeitar as súas subvencións a determinados criterios e condicións na súa utilización ou emprego e terán en conta a análise dos custos efectivos dos servizos dos municipios.

b) Asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal.

Con esta finalidade, as deputacións ou entidades equivalentes poderán outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

c) Garante o desempeño das funcións públicas necesarias nos concellos e préstalles apoio na selección e formación do seu persoal sen prexuízo da actividade desenvolvida nestas materias pola Administración do Estado e a das comunidades autónomas.

d) Dá soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión, asumíndoas cando aqueles llas encomenden.»

Catorce. O artigo 45 queda sen contido.

Quince. O artigo 55 queda redactado como segue:

«Artigo 55.

Para a efectiva coordinación e eficacia administrativa, a Administración xeral do Estado, así como as administracións autonómica e local, de acordo co principio de lealdade institucional, deberán nas súas relacións recíprocas:

a) Respetar o exercicio lexítimo polas outras administracións das súas competencias e as consecuencias que del deriven para as propias.

b) Ponderar, na actuación das competencias propias, a totalidade dos intereses públicos implicados e, en concreto, aqueles cuxa xestión estea encomendada a outras administracións.

c) Valorar o impacto que as súas actuacións, en materia orzamentaria e financeira, poidan provocar no resto de administracións públicas.

d) Facilitar ás outras administracións a información sobre a propia xestión que sexa relevante para o adecuado desenvolvemento por estas das súas tarefas.

e) Prestar, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que as outras administracións poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas.»

Dezaseis. O artigo 57 queda redactado como segue:

«Artigo 57.

1. A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as administracións do Estado e das comunidades autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

De cada acordo de cooperación formalizado por algunha destas administracións darase comunicación a aqueloutras que, resultando interesadas, non interviñesen nel, para os efectos de manter unha recíproca e constante información.

2. A subscrición de convenios e constitución de consorcios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

3. A constitución dun consorcio só poderá ter lugar cando a cooperación non se poida formalizar a través dun convenio e sempre que, en termos de eficiencia económica, aquela permita unha asignación máis eficiente dos recursos económicos. En todo caso, deberase verificar que a constitución do consorcio non porá en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da facenda da entidade local de que se trate, así como do propio consorcio, que non poderá demandar máis recursos dos inicialmente previstos.»

Dezasete. Inclúese un novo artigo 57 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 57 bis. *Garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas.*

1. Se as comunidades autónomas delegan competencias ou subscriben convenios de colaboración coas entidades locais que impliquen obrigacións financeiras ou compromisos de pagamento a cargo das comunidades autónomas, será necesario que estas inclúan unha cláusula de garantía do cumprimento destes compromisos consistente na autorización á Administración xeral do Estado para aplicar retencións nas transferencias que lles correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento. A citada cláusula deberá establecer, en todo caso, os prazos para a realización dos pagamentos comprometidos, para a reclamación por parte da entidade local en caso de incumprimento por parte da comunidade autónoma da obrigación que tivese contraída e para a comunicación á Administración xeral do Estado de se ter producido o dito incumprimento, tendo en conta o prazo que, se for o caso, se poida establecer mediante a orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a que se refire o número 3 deste artigo. Para a aplicación desta cláusula non será precisa a autorización previa a que fai referencia a disposición adicional septuaxésimo segunda da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

2. Os acordos de delegación de competencias e convenios de colaboración que, no momento de entrada en vigor da presente norma, fosen obxecto de prórroga, expresa ou tácita, por tempo determinado, só se poderán volver prorrogar no caso de que se inclúan neles a cláusula de garantía a que fai referencia o número anterior. Esta norma será de aplicación a aqueles acordos que se poidan prorrogar, expresa ou tacitamente, por vez primeira con posterioridade á citada entrada en vigor.

3. O procedemento para a aplicación das retencións mencionadas no número 1 anterior e a correspondente posta á disposición a favor das entidades locais dos fondos retidos ás comunidades autónomas regularase mediante a orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a que se refire a disposición adicional septuaxésimo segunda da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.»

Dezaoito. Introdúcese un novo artigo 75 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 75 bis. *Réxime retributivo dos membros das corporacións locais e do persoal ao servizo das entidades locais.*

1. Os membros das corporacións locais serán retribuídos polo exercicio do seu cargo nos termos establecidos no artigo anterior. Os orzamentos xerais do Estado determinarán, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das corporacións locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios a que, se for o caso, teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se encontren en situación de servizos especiais, atendendo, entre

outros criterios, á natureza da corporación local e á súa poboación segundo a seguinte táboa:

Habitantes	Referencia
Máis de 500.000 . . . . .	Secretario de Estado.
300.001 a 500.000 . . . . .	Secretario de Estado -10%.
150.001 a 300.000 . . . . .	Secretario de Estado -20%.
75.001 a 150.000 . . . . .	Secretario de Estado -25%.
50.001 a 75.000 . . . . .	Secretario de Estado -35%.
20.001 a 50.000 . . . . .	Secretario de Estado -45%.
10.001 a 20.000 . . . . .	Secretario de Estado -50%.
5.001 a 10.000 . . . . .	Secretario de Estado -55%.
1.000 a 5.000 . . . . .	Secretario de Estado -60%.

Os membros de corporacións locais de poboación inferior a 1.000 habitantes non terán dedicación exclusiva. Excepcionalmente, poderán desempeñar os seus cargos con dedicación parcial e percibirán as súas retribucións dentro dos límites máximos sinalados para o efecto na Lei de orzamentos xerais do Estado.

2. Sen prexuízo da regra xeral establecida no número anterior, no caso das retribucións dos presidentes das deputacións provinciais ou entidades equivalentes, terán un límite máximo por todos os conceptos retributivos e asistencias que será igual á retribución do tramo correspondente ao alcalde ou presidente da corporación municipal máis poboada da súa provincia.

No caso dos cabidos e consellos insulares, os seus presidentes terán un límite máximo por todos os conceptos retributivos e asistencias referido á retribución do tramo correspondente ao alcalde ou presidente da corporación municipal máis poboada da súa provincia, segundo a seguinte táboa:

Habitantes	Referencia
Máis de 150.000 . . . . .	Alcalde ou presidente da corporación municipal máis poboada da súa provincia.
25.000 a 150.000 . . . . .	70% do alcalde ou presidente da corporación municipal máis poboada da súa provincia.
0 a 25.000 . . . . .	50% do alcalde ou presidente da corporación municipal máis poboada da súa provincia.

Os concelleiros que sexan proclamados deputados provinciais ou equivalentes deberán optar por manter o réxime de dedicación exclusiva nunha ou noutra entidade local, sen que en ningún caso se poidan acumular ambos os réximes de dedicación.

3. Só os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación de que formen parte, na contía sinalada polo seu pleno.

4. No marco do establecido na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e no artigo 93.2 desta lei, as leis anuais de orzamentos xerais do Estado poderán establecer un límite máximo e mínimo total que por todos os conceptos retributivos poida percibir o persoal ao servizo das entidades locais e entidades delas dependentes, en función do grupo profesional dos funcionarios públicos ou equivalente do persoal laboral, así como doutros factores que se poidan determinar nas leis de orzamentos xerais do Estado de cada ano.»

Dezanove. Introdúcese un novo artigo 75 ter, coa seguinte redacción:

*«Artigo 75 ter. Limitación no número dos cargos públicos das entidades locais con dedicación exclusiva.*

1. De conformidade co establecido no artigo 75 desta lei, a prestación de servizos nos concellos en réxime de dedicación exclusiva por parte dos seus membros deberase axustar, en todo caso, aos seguintes límites:

a) Nos concellos de municipios con poboación inferior a 1.000 habitantes, ningún membro poderá prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva.

b) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 1.001 e 2.000 habitantes, só un membro poderá prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva.

c) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 2.001 e 3.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá dous.

d) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 3.001 e 10.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá tres.

e) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 10.001 e 15.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá cinco.

f) En concellos de municipios con poboación comprendida entre 15.001 e 20.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá sete.

g) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 20.001 e 35.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá dez.

h) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 35.001 e 50.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá once.

i) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 50.001 e 100.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá quince.

j) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 100.001 e 300.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá dezaoto.

k) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 300.001 e 500.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá vinte.

l) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 500.001 e 700.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá vinte e dous.

m) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 700.001 e 1.000.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá vinte e cinco.

n) Nos concellos de municipios de Madrid e Barcelona, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederán, respectivamente, corenta e cinco e trinta e dous.

2. O número máximo de membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva nas deputacións provinciais será o mesmo que o do tramo correspondente á corporación do municipio máis poboado da súa provincia.

3. Nos cabidos e consellos insulares o número máximo de membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva determinarase



en función do seguinte criterio: nas illas con máis de 800.000 habitantes redúcese en 2 respecto ao número actual de membros do cabido, e nas de menos de 800.000 habitantes, o 60% dos cargos electos en cada cabido insular.»

Vinte. Modifícase o artigo 84 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 84 bis.

1. Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou doutro medio de control preventivo.

Non obstante, poderase exixir unha licenza ou outro medio de control preventivo respecto a aquelas actividades económicas:

a) Cando estea xustificado por razóns de orde pública, seguridade pública, saúde pública ou protección do ambiente no lugar concreto onde se realiza a actividade e estas razóns non se poidan salvagardar mediante a presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación.

b) Cando, pola escaseza de recursos naturais, a utilización de dominio público, a existencia de inequívocos impedimentos técnicos ou en función da existencia de servizos públicos sometidos a tarifas reguladas, o número de operadores económicos do mercado sexa limitado.

2. As instalacións ou infraestruturas físicas para o exercicio de actividades económicas só se someterán a un réxime de autorización cando o estableza unha lei que defina os seus requisitos esenciais e estas sexan susceptibles de xerar danos sobre o ambiente e o contorno urbano, a seguridade ou a saúde públicas e o patrimonio histórico, e resulte proporcionado. A avaliación deste risco determinarase en función das características das instalacións, entre as que estarán as seguintes:

- a) A potencia eléctrica ou enerxética da instalación.
- b) A capacidade da instalación.
- c) A contaminación acústica.
- d) A composición das augas residuais que emita a instalación e a súa capacidade de depuración.
- e) A existencia de materiais inflamables ou contaminantes.
- f) As instalacións que afecten bens declarados integrantes do patrimonio histórico.

3. En caso de existencia de licenzas ou autorizacións concorrentes entre unha entidade local e outra Administración, a entidade local deberá motivar expresamente na xustificación da necesidade da autorización ou licenza o interese xeral concreto que se pretende protexer e que este non se encontra xa cuberto mediante outra autorización xa existente.»

Vinte e un. Suprímese o número 3 e modifícase o número 2 do artigo 85, que queda redactado como segue:

«2. Os servizos públicos de competencia local deberanse xestionar da forma máis sustentable e eficiente de entre as enumeradas a continuación:

- A) Xestión directa:
  - a) Xestión pola propia entidade local.
  - b) Organismo autónomo local.
  - c) Entidade pública empresarial local.
  - d) Sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública.

Só se poderá facer uso das formas previstas nas letras c) e d) cando quede acreditado mediante memoria xustificativa elaborada para o efecto que resultan máis sustentables e eficientes que as formas dispostas nas letras a) e b), para o que se deberán ter en conta os criterios de rendibilidade económica e recuperación do investimento. Ademais, deberá constar no expediente a memoria xustificativa do asesoramento recibido, que se elevará ao pleno para a súa aprobación, onde se incluírán os informes sobre o custo do servizo, así como o apoio técnico recibido, que deberán ser publicitados. Para estes efectos, solicitarase informe do interventor local, quen valorará a sustentabilidade financeira das propostas presentadas, de conformidade co previsto no artigo 4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

B) Xestión indirecta, mediante as distintas formas previstas para o contrato de xestión de servizos públicos no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

A forma de xestión pola que se opte deberá ter en conta o disposto no artigo 9 do Estatuto básico do empregado público, aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril, no que respecta ao exercicio de funcións que corresponden en exclusiva a funcionarios públicos.»

Vinte e dous. Modifícase o número 2 do artigo 85 ter, que queda redactado como segue:

«2. A sociedade deberá adoptar unha das formas previstas no texto refundido da Lei de sociedades de capital aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, e na escritura de constitución constará o capital que deberá ser achegado polas administracións públicas ou polas entidades do sector público dependentes delas a que corresponda a súa titularidade.»

Vinte e tres. O artigo 86 queda redactado como segue:

«1. As entidades locais poderán exercer a iniciativa pública para o desenvolvemento de actividades económicas, sempre que estea garantido o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da sustentabilidade financeira do exercicio das súas competencias. No expediente acreditativo da conveniencia e oportunidade da medida deberase xustificar que a iniciativa non xera risco para a sustentabilidade financeira do conxunto da facenda municipal e deberá conter unha análise do mercado, relativa á oferta e á demanda existente, á rendibilidade e aos posibles efectos da actividade local sobre a concorrência empresarial.

Corresponde ao pleno da respectiva corporación local a aprobación do expediente, que determinará a forma concreta de xestión do servizo.

2. Declárase a reserva en favor das entidades locais das seguintes actividades ou servizos esenciais: abastecemento domiciliario e depuración de augas; recolla, tratamento e aproveitamento de residuos, e transporte público de viaxeiros, de conformidade co previsto na lexislación sectorial aplicable. O Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán establecer, mediante lei, idéntica reserva para outras actividades e servizos.

A efectiva execución destas actividades en réxime de monopolio require, ademais do acordo de aprobación do pleno da correspondente corporación local, a aprobación polo órgano competente da comunidade autónoma.

3. En todo caso, a Administración do Estado poderá impugnar os actos e acordos previstos neste artigo, conforme o disposto no capítulo III do título V desta lei, cando incumpran a lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.»

Vinte e catro. O artigo 92 queda redactado como segue:

«Artigo 92. *Funcionarios ao servizo da Administración local.*

1. Os funcionarios ao servizo da Administración local réxense, no non disposto nesta lei, pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, pola restante lexislación do Estado en materia de función pública, así como pola lexislación das comunidades autónomas, nos termos do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución.

2. Con carácter xeral, os postos de traballo na Administración local e os seus organismos autónomos serán desempeñados por persoal funcionario.

3. Corresponde exclusivamente aos funcionarios de carreira ao servizo da Administración local o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais. Igualmente, son funcións públicas, cuxo cumprimento queda reservado a funcionarios de carreira, as que impliquen exercicio de autoridade e, en xeral, aquelas que, en desenvolvemento da presente lei, se reserven aos funcionarios para a mellor garantía da obxectividade, imparcialidade e independencia no exercicio da función.»

Vinte e cinco. Inclúese un novo artigo 92 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 92 bis. *Funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional.*

1. Son funcións públicas necesarias en todas as corporacións locais, cuxa responsabilidade administrativa está reservada a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional:

a) A de secretaría, comprensiva da fe pública e o asesoramento legal preceptivo.

b) O control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e a contabilidade, tesouraría e recadación.

Non obstante, nos municipios de gran poboación terase en conta o disposto no título X da presente lei e nos municipios de Madrid e de Barcelona, a regulación contida nas leis 22/2006, do 4 de xullo, de capitalidade e de réxime especial de Madrid, e 1/2006, do 13 de marzo, pola que se regula o réxime especial do municipio de Barcelona, respectivamente.

2. A escala de funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional subdivídese nas seguintes subescalas:

a) Secretaría, á cal corresponden as funcións contidas no número 1.a) anterior.

b) Intervención-tesouraría, á cal corresponden as funcións contidas no número 1.b).

c) Secretaría-intervención, á cal corresponden as funcións contidas nos números 1.a) e 1.b), salvo a función de tesouraría.

3. Os funcionarios das subescalas de secretaría e intervención-tesouraría estarán integrados nunha destas dúas categorías: entrada ou superior.

4. O Goberno, mediante real decreto, regulará as especialidades da creación, clasificación e supresión de postos reservados a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, así como as que poidan corresponder ao seu réxime disciplinario e de situacións administrativas.

5. A aprobación da oferta de emprego público, selección, formación e habilitación dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional corresponde ao Estado, a través do Ministerio de Facenda e

Administracións Públicas, conforme as bases e programas aprobados regulamentariamente.

6. O Goberno, mediante real decreto, regulará as especialidades correspondentes da forma de provisión de postos reservados a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional. En todo caso, o concurso será o sistema normal de provisión de postos de traballo. O ámbito territorial dos concursos será de carácter estatal.

Os méritos xerais, de preceptiva valoración, determinaraos a Administración do Estado, e a súa puntuación alcanzará un mínimo do 80% do total posible conforme o baremo correspondente. Os méritos correspondentes ás especialidades da comunidade autónoma serán fixados por cada unha delas e a súa puntuación poderá alcanzar até un 15% do total posible. Os méritos correspondentes ás especialidades da corporación local fixaraos esta, e a súa puntuación alcanzará até un 5% do total posible.

Existirán dous concursos anuais: o concurso ordinario e o concurso unitario. O concurso unitario será convocado pola Administración do Estado. As corporacións locais con postos vacantes aprobarán as bases do concurso ordinario, de acordo co modelo de convocatoria e bases comúns que se aproben no real decreto previsto no número anterior, efectuarán as convocatorias e remitiranas á correspondente comunidade autónoma para a súa publicación simultánea nos diarios oficiais.

Excepcionalmente, os postos de traballo reservados a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional poderanse cubrir polo sistema de libre designación, nos municipios incluídos no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como nas deputacións provinciais, áreas metropolitanas, cabidos e consellos insulares e nas cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla, por funcionarios da subescala e categoría correspondente. Cando se trate de postos de traballo que teñan asignadas as funcións contidas no número 1.b) deste artigo, será precisa a autorización expresa do órgano competente da Administración xeral do Estado en materia de facendas locais.

Igualmente, será necesario informe preceptivo previo do órgano competente da Administración xeral do Estado en materia de facendas locais para a separación daqueles funcionarios que teñan asignadas as funcións contidas no número 1.b) deste artigo e que fosen nomeados por libre designación.

En caso de cesamento dun posto de libre designación, a corporación local deberá asignar ao funcionario separado un posto de traballo do seu mesmo grupo de titulación.

7. As comunidades autónomas efectuarán, de acordo coa normativa establecida pola Administración do Estado, os nomeamentos provisionais de funcionarios con habilitación de carácter nacional, así como as comisións de servizos, acumulacións, nomeamentos de persoal interino e de persoal accidental.

8. Os funcionarios deberán permanecer en cada posto de traballo, obtido por concurso, un mínimo de dous anos para poderen participar nos concursos de provisión de postos de traballo ou seren nomeados con carácter provisional noutro posto de traballo, salvo no ámbito dunha mesma entidade local.

Excepcionalmente, antes do transcurso do dito prazo, poderá efectuar nomeamentos con carácter provisional o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sempre que existan razóns e circunstancias que requiran a cobertura do posto con carácter urxente por estes funcionarios e a imposibilidade de efectuar un nomeamento provisional conforme o establecido no parágrafo anterior.

Reglamentariamente estableceranse as circunstancias excepcionais que xustifiquen a solicitude dun nomeamento provisional e deberase ter en conta, en todo caso, o posible prexuízo ou menoscabo que se xeraría na entidade local en que se ocupe o posto no momento da solicitude.

9. No Ministerio de Facenda e Administracións Públicas existirá un rexistro de funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional integrado coas comunidades autónomas, onde se inscribirán e anotarán todos os actos que afecten a vida administrativa destes funcionarios.

10. Son órganos competentes para a incoación de expedientes disciplinarios aos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional os seguintes:

a) O órgano correspondente da corporación onde o funcionario cometese os feitos que se lle imputan, cando puidesen ser constitutivos de falta leve.

b) A comunidade autónoma respecto a funcionarios de corporacións locais no seu ámbito territorial, salvo cando os feitos denunciados puidesen ser constitutivos de faltas moi graves tipificadas na normativa básica estatal.

c) O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas cando os feitos denunciados puidesen ser constitutivos de faltas moi graves, tipificadas na normativa básica estatal.

O órgano competente para acordar a incoación do expediente serao tamén para nomear o seu instrutor e decretar ou alzar a suspensión provisional do expedientado, así como para instruír dilixencias previas antes de decidir sobre tal incoación.

A instrución do expediente será efectuada por un funcionario de carreira de calquera dos corpos ou escalas do subgrupo A1 de titulación, incluída a escala de funcionarios con habilitación de carácter nacional, que conte con coñecementos na materia a que se refira a infracción.

11. Son órganos competentes para a imposición de sancións disciplinarias aos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional os seguintes:

a) O ministro de Facenda e Administracións Públicas, cando a sanción que recaia sexa por falta moi grave, tipificada na normativa básica estatal.

b) A comunidade autónoma, cando se trate de impor sancións de suspensión de funcións e destitución, non comprendidas no parágrafo anterior.

c) O órgano local competente, cando se trate de impor sancións por faltas leves.

A sanción imposta executarase nos seus propios termos, mesmo cando no momento da execución o funcionario se encuentre ocupando un posto distinto a aquel en que se produciron os feitos que deron lugar á sanción.

A sanción de destitución implicará a perda do posto de traballo, coa prohibición de obter destino na mesma corporación en que tivo lugar a sanción, no prazo que se fixe, co máximo de seis anos para as faltas moi graves e de tres anos para as faltas graves.

A sanción de suspensión de funcións terá unha duración máxima de seis anos para as faltas moi graves e de tres anos para as faltas graves.»

Vinte e seis. Modifícase o artigo 100.1, que queda redactado como segue:

«1. É competencia de cada corporación local a selección dos funcionarios, coa excepción dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.»

Vinte e sete. Introdúcese un novo artigo 103 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 103 bis. *Masa salarial do persoal laboral do sector público local.*

1. As corporacións locais aprobarán anualmente a masa salarial do persoal laboral do sector público local respectando os límites e as condicións que se establezan con carácter básico na correspondente lei de orzamentos xerais do Estado.

2. A aprobación indicada no número anterior comprenderá a referente á propia entidade local, organismos, entidades públicas empresariais e demais entes públicos e sociedades mercantís locais dela dependentes, así como as dos consorcios adscritos a ela en virtude do previsto na lexislación básica de réxime xurídico das administracións públicas e das fundacións en que concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se constitúan cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, das entidades citadas neste número.

b) Que o seu patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50 por 100 por bens ou dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.

3. A masa salarial aprobada será publicada na sede electrónica da corporación e no boletín oficial da provincia ou, se for o caso, da comunidade autónoma uniprovincial no prazo de 20 días.»

Vinte e oito. Introdúcese un novo artigo 104 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 104 bis. *Persoal eventual das entidades locais.*

1. As dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponda a persoal eventual nos concellos deberanse axustar aos seguintes límites e normas:

a) Os municipios de poboación entre 2.000 a 5.000 habitantes poderán, excepcionalmente, contar cun posto de traballo cuxa cobertura corresponda a persoal eventual cando non haxa membros da corporación local con dedicación exclusiva.

b) Os concellos de municipios con poboación superior a 5.000 e non superior a 10.000 habitantes poderán incluír nos seus cadros de persoal postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder un.

c) Os concellos de municipios con poboación superior a 10.000 e non superior a 20.000 habitantes poderán incluír nos seus cadros de persoal postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder dous.

d) Os concellos de municipios con poboación superior a 20.000 e non superior a 50.000 habitantes poderán incluír nos seus cadros de persoal postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder sete.

e) Os concellos de municipios con poboación superior a 50.000 e non superior a 75.000 habitantes poderán incluír nos seus cadros de persoal postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder a metade de concelleiros da corporación local.

f) Os concellos de municipios con poboación superior a 75.000 e non superior a 500.000 habitantes poderán incluír nos seus cadros de persoal postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder o número de concelleiros da corporación local.

g) Os concellos de municipios con poboación superior a 500.000 habitantes poderán incluír nos seus cadros de persoal postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder o 0,7 por cento do número total de postos de traballo do cadro de persoal das respectivas entidades locais, tendo en conta, para estes efectos, os entes que teñan a consideración de Administración pública no marco do Sistema europeo de contas.

2. O número de postos de traballo cuxa cobertura corresponda a persoal eventual nas deputacións provinciais será o mesmo que o do tramo correspondente á corporación do municipio máis poboado da súa provincia. No caso dos consellos e cabidos insulares, non poderá exceder o que resulte de aplicar o seguinte criterio: nas illas con máis de 800.000 habitantes redúcese en 2 respecto ao número actual de membros do cabido e, nas de menos de 800.000 habitantes, o 60% dos cargos electos en cada cabido ou consello insular.

3. O resto de entidades locais ou dos seus organismos dependentes non poderán incluír nos seus respectivos cadros de persoal postos de traballo cuxa cobertura corresponda a persoal eventual.

4. O persoal eventual a que se refiren os números anteriores terase que asignar sempre aos servizos xerais das entidades locais en cuxo cadro de persoal apareza consignado. Só excepcionalmente se poderán asignar, con carácter funcional, a outros dos servizos ou departamentos da estrutura propia da entidade local, se así o reflectir expresamente o seu regulamento orgánico.

5. As corporacións locais publicarán semestralmente na súa sede electrónica e no boletín oficial da provincia ou, se for o caso, da comunidade autónoma uniprovincial o número dos postos de traballo reservados a persoal eventual.

6. O presidente da entidade local informará o pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.»

Vinte e nove. Modifícase o artigo 109, que queda redactado como segue:

«1. A extinción total ou parcial das débedas que o Estado, as comunidades autónomas, a Seguridade Social e calquera entidade de dereito público dependente das anteriores teñan, respectivamente, coas entidades locais, ou viceversa, poderase acordar por vía de compensación, cando se trate de débedas vencidas, líquidas e exixibles.

O previsto neste número aplicarase de conformidade co disposto na normativa específica da Seguridade Social e da Facenda pública en materia de compensación de débedas.

2. A extinción total ou parcial das débedas de dereito público que as comunidades autónomas e calquera outra entidade de dereito público dependente delas teñan coas entidades de dereito público ou sociedades vinculadas, dependentes ou integramente participadas polas entidades locais, ou viceversa, poderase acordar por vía de compensación, cando se trate de débedas vencidas, líquidas e exixibles.»

Trinta. Inclúese un novo artigo 116 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 116 bis. *Contido e seguimento do plan económico-financeiro.*

1. Cando, por incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, as corporacións locais incumpridoras formulen o seu plan económico-financeiro farano de conformidade cos requisitos formais que determine o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

2. Adicionalmente ao previsto no artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, o mencionado plan incluirá, ao menos, as seguintes medidas:

a) Supresión das competencias que exerza a entidade local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.

b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a entidade local para reducir os seus custos.

c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a entidade local.

d) Racionalización organizativa.

e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pagamento a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.

f) Unha proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia.

3. A deputación provincial ou entidade equivalente asistirá ao resto de corporacións locais e colaborará coa Administración que exerza a tutela financeira, segundo corresponda, na elaboración e o seguimento da aplicación das medidas contidas nos plans económico-financeiros. A deputación ou entidade equivalente proporá e coordinará as medidas recollidas no número anterior cando teñan carácter supramunicipal, que serán valoradas antes de se aprobar o plan económico-financeiro, así como outras medidas supramunicipais distintas que se tivesen previsto, incluído o seguimento da fusión de entidades locais que se tivese acordado.»

Trinta e un. Engádesse un novo artigo 116 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 116 ter. *Custo efectivo dos servizos.*

1. Todas as entidades locais calcularán antes do día 1 de novembro de cada ano o custo efectivo dos servizos que prestan, partindo dos datos contidos na liquidación do orzamento xeral e, se for o caso, das contas anuais aprobadas das entidades vinculadas ou dependentes, correspondente ao exercicio inmediato anterior.

2. O cálculo do custo efectivo dos servizos terá en conta os custos reais directos e indirectos dos servizos conforme os datos de execución de gastos mencionados no número anterior; mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas desenvolveranse estes criterios de cálculo.

3. Todas as entidades locais comunicarán os custos efectivos de cada un dos servizos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa publicación.»

Trinta e dous. Modifícase a letra m) e engádesse unha nova letra n) ao número 1 do artigo 127, coa seguinte redacción:

«m) Designar os representantes municipais nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, sexa cal sexa a súa natureza, en que o concello sexa partícipe.

n) As demais que lle correspondan, de acordo coas disposicións legais vixentes.»

Trinta e tres. Modifícase o número 3 do artigo 130, que queda redactado como segue:

«3. O nomeamento dos coordinadores xerais e dos directores xerais, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia, deberase efectuar entre funcionarios de carreira do Estado, das comunidades autónomas, das entidades locais ou con habilitación de carácter nacional que pertencen a corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1, salvo que o regulamento orgánico municipal permita que, en atención ás características específicas das funcións de tales órganos directivos, o seu titular non reúna a dita condición de funcionario.»

Trinta e catro. Modifícase a disposición adicional segunda, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional segunda. *Réxime foral vasco.*

As disposicións da presente lei, de acordo coa Constitución e o Estatuto de autonomía para o País Vasco, aplicaranse nos territorios históricos de Araba/Álava, Gipuzkoa e Bizkaia, sen prexuízo das seguintes peculiaridades:

1. De acordo coa disposición adicional primeira da Constitución e co disposto nos artigos 3, 24.2 e 37 do Estatuto vasco, os territorios históricos de Araba/Álava, Gipuzkoa e Bizkaia organizarán libremente as súas propias institucións e ditarán as



normas necesarias para o seu funcionamento, amparando e garantindo, así mesmo, as peculiaridades históricas das entidades locais dos seus territorios, sen que lles sexan de aplicación as contidas na presente lei en materia de organización provincial.

2. Os territorios históricos de Araba/Álava, Gipuzkoa e Bizkaia exercerán as competencias que lles atribúen o Estatuto vasco e a lexislación interna da comunidade autónoma que se dite no seu desenvolvemento e aplicación, así como as que a presente lei asigna con carácter xeral ás deputacións provinciais.

3. No exercicio das competencias que o estatuto e a lexislación da comunidade autónoma que se dite no seu desenvolvemento e aplicación lles asignen, corresponde ás institucións forais dos territorios históricos o desenvolvemento normativo e execución da lexislación básica do Estado nas materias correspondentes, cando así se lles atribúan.

4. Cando as institucións forais dos territorios históricos realicen actividades en campos cuxa titularidade competencial corresponde á Administración do Estado ou á comunidade autónoma, seranlles de aplicación as normas desta lei que disciplinen as relacións das deputacións provinciais coa Administración do Estado e a Administración autonómica, se for o caso, sempre e cando as ditas actividades as exerzan en calidade de deputacións provinciais ordinarias, e non como institucións forais de acordo co seu réxime especial privativo, caso en que só serán de aplicación tales normas cando desenvolvan ou apliquen a lexislación básica do Estado ou invadan as competencias deste.

5. En materia de facenda, as relacións dos territorios históricos coa Administración do Estado axustaranse ao disposto na Lei 12/2002, do 23 de maio, pola que se aproba o concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco. As funcións que os artigos 7.4 e 26.2 atribúen á Administración que exerza a tutela financeira serán exercidas no País Vasco polas súas institucións competentes, de conformidade co artigo 48.5 da mencionada Lei 12/2002, do 23 de maio.

6. Os territorios históricos do País Vasco continuarán conservando o seu réxime especial en materia municipal no que afecta o réxime económico-financeiro nos termos da Lei do concerto económico, sen que isto poida significar un nivel de autonomía das corporacións locais vascas inferior ao que teñan as demais corporacións locais, sen prexuízo da aplicación do disposto no artigo 115 da presente lei e das competencias que a este respecto poidan corresponder á comunidade autónoma.

Para os ditos efectos, as deputacións forais desenvolverán os criterios de cálculo de conformidade co establecido no artigo 116 ter desta lei e recibirán a comunicación do custo efectivo dos servizos que prestan as entidades locais dos seus respectivos territorios.

Así mesmo, en relación co artigo 116 bis desta lei, en exercicio das facultades de tutela financeira, corresponderá ás deputacións forais a aprobación, concretando as regras necesarias para a súa formulación, dos plans económico-financeiros das súas respectivas corporacións, de conformidade coa normativa ditada para o efecto polo Estado.

Igualmente, de acordo co previsto na disposición transitoria cuarta da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, as entidades de ámbito territorial inferior ao municipio comunicarán ás institucións forais as súas contas e serán estas institucións forais as que acorden a súa disolución, se así procede en aplicación da mencionada disposición.

7. No ámbito da Comunidade Autónoma do País Vasco, a normativa reguladora dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional prevista no artigo 92 bis e concordantes desta lei, aplicarase de conformidade coa disposición adicional primeira da Constitución, co artigo 149.1.18.<sup>a</sup> desta e coa Lei orgánica 3/1979, do 18 de decembro, pola que se aproba

o Estatuto de autonomía para o País Vasco, tendo en conta que todas as facultades previstas respecto ao dito persoal serán desempeñadas polas institucións competentes, nos termos que estableza a normativa autonómica, incluíndo a facultade de convocar exclusivamente para o seu territorio os concursos para as prazas vacantes nel, así como a facultade de nomeamento dos funcionarios, nos ditos concursos.

8. A porcentaxe de baremo reservada ao Estado no artigo 92 bis.6 establécese no 65 por 100 e atribúese un 30 por 100 do total posible ás institucións competentes da Comunidade Autónoma do País Vasco para que fixen os méritos que correspondan ao coñecemento das especialidades xurídicas e económico-administrativas que derivan dos seus dereitos históricos e, especialmente, do concerto económico.

Dentro do 5 por 100 restante, a corporación local interesada poderá establecer libremente os méritos específicos que considere convenientes en razón ás características locais.

9. No convenio que se establecerá entre institucións que teñan encomendada a formación deste persoal no ámbito nacional e o Instituto Vasco de Administración Pública (IVAP) para a formación por este último dos funcionarios a que se refire o artigo 92 bis desta lei, a Comunidade Autónoma do País Vasco poderá incluír materias ou disciplinas propias das súas específicas peculiaridades, coa única condición do cumprimento dos requisitos mínimos de orde académica que con carácter xeral estean establecidos para as cuestións de existencia común en todo o Estado, nunca superiores aos que rexan para o propio Instituto Nacional de Administración Pública.

10. O control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria e a contabilidade, tesouraría e recadación das deputacións forais organizarano libremente estas no marco do concerto económico sen que sexa de aplicación o disposto no artigo 92 bis da presente lei.

11. No marco dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e en virtude das competencias e facultades que en materia de réxime local e financiamento local lles confire a disposición adicional primeira da Constitución española, o Estatuto de autonomía, a Lei do concerto económico e a disposición adicional segunda da Lei de bases de réxime local, os órganos forais dos territorios históricos vascos determinarán os límites máximos totais do conxunto das retribucións e asistencias dos membros das corporacións locais, do persoal eventual e do resto de persoal ao servizo das corporacións locais e o seu sector público e dos funcionarios con habilitación de carácter nacional. A determinación de tales retribucións atenderá aos principios e estrutura establecidos, se for o caso, pola lexislación estatal.»

Trinta e cinco. Modifícase o número 3 e inclúese un novo número 4 á disposición adicional quinta, coa seguinte redacción:

«3. As ditas asociacións, no ámbito propio das súas funcións, poderán celebrar convenios coas distintas administracións públicas. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 12.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, poderán actuar como entidades colaboradoras da Administración na xestión das subvencións de que poidan ser beneficiarias as entidades locais e os seus organismos dependentes.

As asociacións de entidades locais poderanse adherir ao sistema de contratación centralizada estatal regulado no artigo 206 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, nos mesmos termos que as entidades locais.

Conforme o previsto no artigo 203 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, estas asociacións poderán crear centrais de contratación. As entidades locais a elas asociadas poderanse adherir ás ditas centrais para aqueles servizos, subministracións e obras cuxa contratación efectuaron aquelas, de acordo

coas normas previstas nese texto refundido, para a preparación e adxudicación dos contratos das administracións públicas.

4. As asociacións de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación en todo o territorio terán a representación institucional da Administración local nas súas relacións coa Administración xeral do Estado.»

Trinta e seis. Modifícase a disposición adicional novena, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional novena. *Redimensionamento do sector público local.*

1. As entidades locais do artigo 3.1 desta lei e os organismos autónomos delas dependentes non poderán adquirir, constituír ou participar na constitución, directa ou indirectamente, de novos organismos, entidades, sociedades, consorcios, fundacións, unidades e demais entes durante o tempo de vixencia do seu plan económico-financeiro ou do seu plan de axuste.

As entidades mencionadas no parágrafo anterior durante o tempo de vixencia do seu plan económico-financeiro ou do seu plan de axuste non poderán realizar achegas patrimoniais nin subscribir ampliacións de capital de entidades públicas empresariais ou de sociedades mercantís locais que teñan necesidades de financiamento. Excepcionalmente, as entidades locais poderán realizar as citadas achegas patrimoniais se, no exercicio orzamentario inmediato anterior, cumpriron cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e o seu período medio de pagamento a provedores non supera en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.

2. Aquelas entidades que no momento de entrada en vigor da presente lei desenvolvan actividades económicas, estean adscritas para efectos do Sistema europeo de contas a calquera das entidades locais do artigo 3.1 desta lei ou dos seus organismos autónomos e se encontren en desequilibrio financeiro disporán do prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei para aprobar, logo de informe do órgano interventor da entidade local, un plan de corrección do dito desequilibrio. Para estes efectos, e como parte do mencionado plan de corrección, a entidade local de que dependa poderá realizar achegas patrimoniais ou subscribir ampliacións de capital das súas entidades só se, no exercicio orzamentario inmediato anterior, esa entidade local cumpriu cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e o seu período medio de pagamento a provedores non supera en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.

Se esta corrección non se cumpre en 31 decembro de 2014, a entidade local, no prazo máximo dos seis meses seguintes contados desde a aprobación das contas anuais ou da liquidación do orzamento do exercicio 2014 da entidade, segundo proceda, disolverá cada unha das entidades que continúe en situación de desequilibrio. De non facelo, as ditas entidades quedarán automaticamente disoltas o 1 de decembro de 2015.

Os prazos citados no parágrafo anterior deste número 2 ampliaranse até o 31 de decembro de 2015 e o 1 de decembro de 2016, respectivamente, cando as entidades en desequilibrio estean prestando algún dos seguintes servizos esenciais: abastecemento domiciliario e depuración de augas, recolla, tratamento e aproveitamento de residuos, e transporte público de viaxeiros.

Esta situación de desequilibrio financeiro referirase, para os entes que teñan a consideración de Administración pública para efectos do Sistema europeo de contas, á súa necesidade de financiamento en termos do Sistema europeo de contas, mentres que para os demais entes se entenderá como a situación de desequilibrio financeiro manifestada na existencia de resultados negativos de explotación en dous exercicios contables consecutivos.

3. Os organismos, entidades, sociedades, consorcios, fundacións, unidades e demais entes que estean adscritos, vinculados ou sexan dependentes, para efectos do Sistema europeo de contas, de calquera das entidades locais do artigo 3.1 desta lei ou dos seus organismos autónomos non poderán constituír, participar na constitución nin adquirir novos entes de calquera tipoloxía, independentemente da súa clasificación sectorial en termos de contabilidade nacional.

4. Aqueles organismos, entidades, sociedades, consorcios, fundacións, unidades e demais entes que no momento da entrada en vigor desta lei non estean en situación de superávit, equilibrio ou resultados positivos de explotación, estivesen controlados exclusivamente por unidades adscritas, vinculadas ou dependentes, para efectos do Sistema europeo de contas, de calquera das entidades locais do artigo 3.1 desta lei, ou dos seus organismos autónomos, deberán estar adscritos, vinculados ou dependentes directamente das entidades locais do artigo 3.1 desta lei, ou ben ser disoltos, en ambos os casos, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei e iniciar, se se dissolve, o proceso de liquidación no prazo de tres meses contados desde a data de disolución. De non o facer, as ditas entidades quedarán automaticamente disoltas transcorridos seis meses desde a entrada en vigor desta lei.

No caso de que aquel control non se exerza con carácter exclusivo, as citadas unidades dependentes deberán proceder á transmisión da súa participación no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei.

Os prazos para o cambio de adscrición, vinculación ou dependencia, disolución e para proceder á transmisión da correspondente participación, citados nos dous parágrafos anteriores deste número 4, ampliaranse nun ano máis cando as entidades en desequilibrio estean prestando algún dos seguintes servizos esenciais: abastecemento domiciliario e depuración de augas, recolla, tratamento e aproveitamento de residuos, e transporte público de viaxeiros.»

Trinta e sete. Modifícase a disposición adicional décimo segunda, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional décimo segunda. *Retribucións nos contratos mercantís e de alta dirección do sector público local e número máximo de membros dos órganos de goberno.*

1. As retribucións que se fixarán nos contratos mercantís ou de alta dirección subscritos polos entes, consorcios, sociedades, organismos e fundacións que conforman o sector público local clasifícanse, exclusivamente, en básicas e complementarias.

As retribucións básicas serano en función das características da entidade e inclúen a retribución mínima obrigatoria asignada a cada máximo responsable, directivo ou persoal contratado.

As retribucións complementarias comprenden un complemento de posto e un complemento variable. O complemento de posto retribuiría as características específicas das funcións ou postos directivos e o complemento variable retribuiría a consecución duns obxectivos previamente establecidos.

2. Corresponde ao pleno da corporación local a clasificación das entidades vinculadas ou dependentes dela que integren o sector público local, en tres grupos, atendendo ás seguintes características: volume ou cifra de negocio, número de traballadores, necesidade ou non de financiamento público, volume de investimento e características do sector en que desenvolve a súa actividade.

Esta clasificación determinará o nivel en que a entidade se sitúa para efectos de:

a) Número máximo de membros do consello de administración e dos órganos superiores de goberno ou administración das entidades, se for o caso.

b) Estrutura organizativa, con fixación do número mínimo e máximo de directivos, así como a contía máxima da retribución total, con determinación da porcentaxe máxima do complemento de posto e variable.

3. As retribucións en especie que, se for o caso, se perciban computarán para efectos de cumprir os límites da contía máxima da retribución total. A contía máxima da retribución total non poderá superar os límites fixados anualmente na lei de orzamentos xerais do Estado.

4. O número máximo de membros do consello de administración e órganos superiores de goberno ou administración das citadas entidades non poderá exceder:

- a) 15 membros nas entidades do grupo 1.
- b) 12 membros nas entidades do grupo 2.
- c) 9 membros nas entidades do grupo 3.

5. Sen prexuízo da publicidade legal a que estean obrigadas, as entidades incluídas no sector público local difundirán a través da súa páxina web a composición dos seus órganos de administración, xestión, dirección e control, incluíndo os datos e experiencia profesional dos seus membros.

As retribucións que perciban os membros dos citados órganos recolleranse anualmente na memoria de actividades da entidade.

6. O contido dos contratos mercantís ou de alta dirección celebrados con anterioridade á entrada en vigor desta lei deberá ser adaptado a ela no prazo de dous meses desde a entrada en vigor.

A adaptación non poderá producir ningún incremento en relación coa súa situación anterior.

As entidades adoptarán as medidas necesarias para adaptar os seus estatutos ou normas de funcionamento interno ao previsto nesta lei no prazo máximo de tres meses contados desde a comunicación da clasificación.

7. A extinción dos contratos mercantís ou de alta dirección non xerará dereito ningún a se integrar na estrutura da Administración local de que dependa a entidade do sector público en que se prestaban tales servizos, fóra dos sistemas ordinarios de acceso.»

Trinta e oito. Incorpórase unha nova disposición adicional décimo sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo sexta. *Mayoría requirida para a adopción de acordos nas corporacións locais.*

1. Excepcionalmente, cando o pleno da corporación local non alcance, nunha primeira votación, a maioría necesaria para a adopción de acordos prevista nesta lei, a xunta de goberno local terá competencia para aprobar:

- a) O orzamento do exercicio inmediato seguinte, sempre que previamente exista un orzamento prorrogado.
- b) Os plans económico-financeiros, os plans de reequilibrio e os plans de axuste a que se refire a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.
- c) Os plans de saneamento da corporación local ou os plans de redución de débedas.
- d) A entrada da corporación local nos mecanismos extraordinarios de financiamento vixentes a que se refire a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, e, en particular, o acceso ás medidas extraordinarias de apoio á liquidez previstas no Real decreto lei 8/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.

2. A xunta de goberno local dará conta ao pleno na primeira sesión que se celebre con posterioridade á adopción dos acordos mencionados no número anterior, os cales serán obxecto de publicación de conformidade coas normas xerais que lles resulten de aplicación.»

**Artigo segundo.** *Modificación do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

O texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, queda modificado como segue:

Un. Inclúese un novo artigo 193 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 193 bis. *Dereitos de difícil ou imposible recadación.*

As entidades locais deberán informar o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e o seu pleno, ou órgano equivalente, do resultado da aplicación dos criterios determinantes dos dereitos de difícil ou imposible recadación cos seguintes límites mínimos:

a) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación minoraranse, como mínimo, nun 25 por cento.

b) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos do exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación minoraranse, como mínimo, nun 50 por cento.

c) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos dos exercicios cuarto a quinto anteriores ao que corresponde a liquidación minoraranse, como mínimo, nun 75 por cento.

d) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos dos restantes exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación minoraranse nun 100 por cento.»

Dous. Modifícase o artigo 213, que queda redactado como segue:

«Artigo 213. *Control interno.*

Exerceranse nas entidades locais coa extensión e efectos que se determinan nos artigos seguintes as funcións de control interno respecto da súa xestión económica, dos organismos autónomos e das sociedades mercantís delas dependentes, nas súas modalidades de función interventora, función de control financeiro, incluída a auditoría de contas das entidades que se determinen regulamentariamente, e función de control da eficacia.

Por proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o Goberno establecerá as normas sobre os procedementos de control, metodoloxía de aplicación, criterios de actuación, dereitos e deberes do persoal controlador e destinatarios dos informes de control, que se deberán seguir no desenvolvemento das funcións de control indicadas no punto anterior.

Os órganos interventores das entidades locais remitirán con carácter anual á Intervención Xeral da Administración do Estado un informe resumo dos resultados dos citados controis desenvolvidos en cada exercicio, no prazo e co contido que se regulen nas normas indicadas no parágrafo anterior.»

Tres. O artigo 218 queda redactado como segue:

«Artigo 218. *Informes sobre resolución de discrepancias.*

1. O órgano interventor elevará informe ao pleno de todas as resolucións adoptadas polo presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados, así

como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. O dito informe atenderá unicamente a aspectos e tarefas propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice.

O contido neste número constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

O presidente da corporación poderá presentar no pleno informe xustificativo da súa actuación.

2. Sen prexuízo do anterior, cando existan discrepancias, o presidente da entidade local poderá elevar a súa resolución ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira.

3. O órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo presidente da entidade local e polo pleno da corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Á citada documentación deberá xuntar, se for o caso, os informes xustificativos presentados pola corporación local.»

Catro. Modifícase a disposición adicional oitava, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional oitava. *Réxime foral vasco.*

1. Os territorios históricos do País Vasco continuarán conservando o seu réxime especial en materia municipal no que afecta o réxime económico-financieiro nos termos da Lei do concerto económico, sen que isto poida significar un nivel de autonomía das corporacións locais vascas inferior ao que teñan as demais corporacións locais, sen prexuízo da aplicación do disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e das competencias que a este respecto poidan corresponder á comunidade autónoma.

As institucións vascas poderán, nos seus respectivos ámbitos competenciais, atribuír competencias como propias aos municipios dos seus respectivos territorios, con suxeición, en todo caso, aos criterios sinalados nos números 3, 4 e 5 do artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

2. De conformidade coa disposición derradeira terceira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e da cláusula subrogatoria prevista no artigo 48 quinto da Lei do concerto económico co País Vasco, os territorios históricos recibirán os informes a que se refiren os artigos 193 bis e 218 da presente lei. Así mesmo, os órganos interventores das administracións locais do País Vasco remitirán tamén ao Tribunal Vasco de Contas Públicas, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Tribunal de Contas, os informes a que se refire o artigo 218 da presente lei.

3. De conformidade coa Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, e da cláusula subrogatoria prevista no artigo 48 quinto da Lei do concerto económico co País Vasco, as deputacións forais, nos seus respectivos ámbitos territoriais, serán as competentes para formalizar convenios coas entidades locais para reforzar a autonomía e eficacia dos órganos responsables do control e fiscalización interna da xestión económico-financieira, contable e orzamentaria das citadas entidades locais.»

Cinco. Engádesse unha nova disposición adicional décimo quinta co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo quinta. *Xestión integrada ou coordinada de servizos.*

Cando a deputación ou entidade equivalente acredite nun informe que o acordo de dous ou máis municipios para a xestión integrada de todos os servizos

municipais que sexan coincidentes comporta un aforro de ao menos o 10% respecto do custo efectivo total en que incorría cada municipio por separado, o coeficiente de ponderación que resulte de aplicación a cada municipio de acordo co artigo 124.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais incrementarase en 0,04. Da aplicación desta regra non poderá derivar, para cada exercicio, un importe total superior ao que resulte do disposto no artigo 123 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.»

**Disposición adicional primeira.** *Réxime aplicable á Comunidade Autónoma do País Vasco.*

1. Esta lei aplicarase á Comunidade Autónoma do País Vasco nos termos establecidos no artigo 149.1.14.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> e na disposición adicional primeira da Constitución, sen prexuízo das particularidades que resultan da Lei orgánica 3/1979, do 18 de decembro, pola que se aproba o Estatuto de autonomía para o País Vasco, da disposición derradeira terceira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e das demais normas que actualicen os dereitos históricos dos territorios forais. Na súa aplicación, e sen prexuízo das facultades de coordinación e tutela que lles corresponden, a competencia para decidir sobre a forma de prestación de servizos a que se refire o artigo 26.2 da Lei de bases de réxime local, corresponderá ás deputacións forais, logo de conformidade dos municipios afectados.

2. A metodoloxía para valorar o custo dos servizos transferidos nas materias enunciadas na disposición adicional décimo quinta e nas disposicións transitorias primeira, segunda e terceira será levada a cabo polas institucións competentes da Comunidade Autónoma do País Vasco, atendendo as directrices e principios que estableza o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

**Disposición adicional segunda.** *Réxime aplicable á Comunidade Foral de Navarra.*

1. A presente lei aplicarase á Comunidade Foral de Navarra nos termos establecidos no artigo 149.1.14.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> e na disposición adicional primeira da Constitución, sen prexuízo das particularidades que resultan da Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e melloramento do réxime foral de Navarra, e da disposición derradeira terceira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Na súa aplicación, e sen prexuízo das facultades de coordinación e tutela que lles corresponden, a competencia para decidir sobre a forma de prestación de servizos a que se refire o artigo 26.2 da Lei de bases de réxime local corresponderá á Comunidade Foral de Navarra.

2. A Comunidade Foral de Navarra poderá, no seu ámbito competencial, atribuír competencias como propias aos municipios do seu territorio, así como do resto das entidades locais de Navarra, con suxeición, en todo caso, aos criterios sinalados nos números 3, 4 e 5 do artigo 25 da Lei reguladora das bases do réxime local.

3. As funcións que os artigos 7.4 e 26.2 desta lei atribúen á Administración que exerce a tutela financeira corresponderán á Comunidade Foral de Navarra, de conformidade co previsto na disposición adicional sétima do Convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, aprobado pola Lei 25/2003, do 15 de xullo.

4. De conformidade coa Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e coa disposición adicional sétima da Lei 25/2003, do 15 de xullo, a Comunidade Foral de Navarra recibirá tamén os informes emitidos, en cumprimento da normativa básica, polos órganos interventores das entidades locais de Navarra, para a súa remisión inmediata ao Ministerio de Facenda e de Administracións Públicas. Así mesmo, os órganos interventores das entidades locais de Navarra remitirán tamén a dita información á Cámara de Comptos, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Tribunal de Contas.

5. De conformidade co disposto no artigo 116 ter da Lei reguladora das bases do réxime local, a Comunidade Foral de Navarra desenvolverá os criterios de cálculo do



custo efectivo dos servizos que prestan as entidades locais de Navarra e recibirá a comunicación do dito custo.

6. No marco dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e en virtude das competencias recoñecidas a Navarra, a que se fai referencia no punto primeiro desta disposición, a Comunidade Foral de Navarra determinará os límites máximos totais do conxunto das retribucións e asistencias dos membros das corporacións locais, do persoal eventual e do resto do persoal ao servizo delas e do seu sector público. A determinación de tales retribucións atenderá aos principios e estrutura establecidos, se for o caso, pola lexislación estatal.

**Disposición adicional terceira.** *Competencias autonómicas en materia de réxime local.*

1. As disposicións desta lei son de aplicación a todas as comunidades autónomas, sen prexuízo das súas competencias exclusivas en materia de réxime local asumidas nos seus estatutos de autonomía, no marco da normativa básica estatal e con estrita suxeición aos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e racionalización das estruturas administrativas.

2. No caso das comunidades autónomas cun sistema institucional propio, as referencias desta lei ás deputacións provinciais entenderanse efectuadas aos entes locais supramunicipais previstos nos correspondentes estatutos de autonomía a que se atribúen competencias en materia de asistencia e cooperación aos municipios e prestación de servizos públicos locais.

3. A aplicación desta lei na Comunidade Autónoma de Aragón realizarase tendo en conta o réxime especial de organización institucional previsto no seu estatuto de autonomía en materia de réxime local, en virtude do cal a Comunidade Autónoma aplicará as competencias previstas nesta lei nos distintos niveis da Administración con suxeición á Constitución, ao contido básico desta lei e aos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e racionalización das estruturas administrativas.

**Disposición adicional cuarta.** *Especialidades das cidades de Ceuta e Melilla.*

1. A organización e funcionamento das institucións de goberno das cidades de Ceuta e Melilla regularanse de acordo co previsto na Lei orgánica 1/1995, do 13 de marzo, de Estatuto de autonomía de Ceuta; na Lei orgánica 2/1995, do 13 de marzo, de Estatuto de autonomía de Melilla, e nas normas de desenvolvemento ditadas en virtude da potestade regulamentaria das súas respectivas asembleas, e non se rexerán, no citado ámbito, polo disposto na normativa de réxime local.

2. Corresponde ás cidades de Ceuta e Melilla, no marco das leis orgánicas 1/1995 e 2/1995, do 13 de marzo, e das normas regulamentarias ditadas no seu desenvolvemento, determinar a forma de xestión dos servizos públicos con respecto aos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira, plurianualidade, transparencia, responsabilidade, lealdade institucional e eficacia no uso dos recursos públicos, de acordo co establecido na presente lei e demais normativa estatal que resulte de aplicación ás cidades con estatuto de autonomía.

3. No ámbito das competencias enumeradas nos artigos 21 e 22 das citadas leis orgánicas 1/1995 e 2/1995, do 13 de marzo, cando non exista lexislación sectorial estatal específica, as asembleas de Ceuta e Melilla, en exercicio da súa potestade regulamentaria, poderán tipificar infraccións e determinar as sancións correspondentes polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións, de acordo con criterios mínimos de antixuridicidade baseados na intensidade da perturbación, dos danos ou do perigo causados. As sancións que se poidan impor pola comisión das condutas infractoras poderán consistir en multas ou prohibicións, por tempo razoable e proporcionado, ben do exercicio de actividades, mesmo das autorizadas ou comunicadas, ben do acceso a equipamentos, infraestruturas e instalacións.

Respecto ás competencias de réxime local atribuídas ás cidades polo artigo 25 dos seus respectivos estatutos, sempre que se trate de garantir a adecuada ordenación das relacións de convivencia e do uso dos servizos, equipamentos, infraestruturas, instalacións e espazos públicos, as asembleas de Ceuta e Melilla poderán tipificar infraccións e impor sancións nos termos do título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

4. As cidades de Ceuta e Melilla poderán levar a cabo actuacións de cooperación con relación a materias que sexan competencia do Estado, subscribindo, para tal efecto, os correspondentes convenios de colaboración. Así mesmo, ambas as cidades e a Administración xeral do Estado poderán celebrar convenios de colaboración referidos a competencias estatutariamente asumidas en virtude dos respectivos estatutos de autonomía, conforme o establecido na disposición adicional décimo cuarta da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. As normas de eficacia xeral ditas polas asembleas de Ceuta e Melilla, no exercicio da potestade normativa regulamentaria que dispoñen para o desenvolvemento das competencias previstas no número 1 do artigo 21 das leis orgánicas 1/1995 e 2/1995, do 13 marzo, de estatutos de autonomía, conforme o establecido no número 2 do mesmo precepto, levaranse a cabo nos termos establecidos na lexislación xeral do Estado, sen que sexa necesaria unha norma estatal específica previa.

**Disposición adicional quinta.** *Réximes especiais de Madrid e Barcelona.*

As disposicións desta lei son de aplicación aos municipios de Madrid e Barcelona, sen prexuízo das particularidades da súa lexislación específica e con estrita suxeición aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**Disposición adicional sexta.** *Comarcas.*

As previsións desta lei aplicaranse respectando a organización comarcal naquelas comunidades autónomas cuxos estatutos de autonomía teñan atribuída expresamente a xestión de servizos supramunicipais.

**Disposición adicional sétima.** *Colaboración coas intervencións locais.*

1. A Intervención Xeral da Administración do Estado poderá asumir, logo da formalización do oportuno convenio coa entidade local interesada, a realización de actuacións de apoio encamiñadas a reforzar a autonomía e eficacia dos órganos responsables do control e fiscalización interna da xestión económico-financiera, contable e orzamentaria no ámbito das entidades locais.

2. No convenio deberase prever a contraprestación económica que deberá satisfacer a entidade local ao Estado e que poderá dar lugar a unha xeración de crédito de conformidade co disposto na lexislación orzamentaria.

3. Subscrito o convenio mencionado no número primeiro, a Intervención Xeral poderá encomendar a realización das ditas actuacións de apoio técnico á intervención delegada, rexional ou territorial que en cada caso se determine.

**Disposición adicional oitava.** *Cumprimento de obrigacións tributarias respecto de bens inmobles da Seguridade Social transferidos a outras administracións públicas.*

No suposto de incumprimento do disposto no artigo 81.1.d) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, relativo á obrigación de asumir por subrogación o pagamento das obrigacións tributarias que afecten os bens inmobles do patrimonio da Seguridade Social que figuren adscritos ou transferidos a outras administracións públicas ou a entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes delas por parte destas, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social comunicará ao Ministerio de Facenda e

Administracións Públicas o dito incumprimento en canto teña coñecemento del, para os efectos de que se proceda á retención dos recursos ao suxeito obrigado para facer fronte aos ditos pagamentos nos termos en que se estableza legalmente.

**Disposición adicional novena.** *Convenios sobre exercicio de competencias e servizos municipais.*

1. Os convenios, acordos e demais instrumentos de cooperación xa subscritos, no momento da entrada en vigor desta lei, polo Estado e as comunidades autónomas con toda clase de entidades locais, que comporten calquera tipo de financiamento destinado a sufragar o exercicio por parte destas últimas de competencias delegadas ou competencias distintas ás enumeradas nos artigos 25 e 27 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, deberán adaptarse ao previsto nesta lei en 31 de decembro de 2014. Transcorrido este prazo sen se ter adaptado, quedarán sen efecto.

2. A adaptación ás previsións desta lei dos instrumentos de cooperación subscritos polas entidades locais para o funcionamento de centros asociados da Universidade Nacional de Educación a Distancia deberá realizarse no prazo de tres anos desde a súa entrada en vigor. Durante o prazo de adaptación dos instrumentos de cooperación, o financiamento das administracións locais aos centros asociados non se estenderá aos servizos académicos que se presten aos alumnos matriculados con posterioridade á entrada en vigor desta lei.

**Disposición adicional décima.** *Convenios de colaboración entre o Estado e as entidades locais.*

Os convenios de colaboración que o Estado celebre coas entidades locais para a obtención e mantemento da información que lles debe subministrarse para a aplicación dos tributos locais regularanse polo disposto na súa normativa específica. Os ditos convenios, que se poderán celebrar en réxime de encomenda de xestión, de delegación de competencias ou mixto, non comportarán a transferencia de medios materiais nin persoais, nin contraprestación económica de ningún tipo entre as partes por canto permiten mellorar a recadación tributaria das entidades locais que os subscriben.

**Disposición adicional décimo primeira.** *Compensación de débedas entre administracións por asunción de servizos e competencias.*

Realizada a asunción dos servizos e competencias a que se refiren as disposicións transitorias primeira e segunda, nos seus respectivos números segundos, as comunidades autónomas, con referencia a cada municipio do seu ámbito territorial, comunicaranlla ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, xunto co importe das obrigacións que tiveren recoñecidas pendentes de pagamento aos citados municipios, co obxecto da realización, nos termos que se determinen regulamentariamente, de compensacións entre os dereitos e as obrigacións recíprocos, e o posterior ingreso do saldo resultante a favor da Administración pública a que corresponda e, se for o caso, recuperación mediante a aplicación de retencións no sistema de financiamento da Administración pública que resulte debedora.

**Disposición adicional décimo segunda.** *Información en materia de tutela financeira.*

As comunidades autónomas con competencias en materia de tutela financeira publicarán trimestralmente, a través dos seus respectivos portais web, un informe comprensivo da documentación, informes, actos, resolucións e solicitudes presentados polas entidades locais en cumprimento daquelas competencias de tutela financeira, así como das resolucións adoptadas ao respecto pola comunidade autónoma.

O dito informe e estas resolucións serán igualmente comunicados ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

**Disposición adicional décimo terceira.** *Consortios constituídos para a prestación de servizos mínimos.*

O persoal ao servizo dos consortios constituídos antes da entrada en vigor desta lei, que presten os servizos mínimos a que se refire o artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, poderán estar integrados por aqueles que non sexan persoal funcionario ou laboral procedente dunha reasignación de postos de traballo das administracións participantes no consorcio.

**Disposición adicional décimo cuarta.** *Réxime xurídico especial de determinados consortios.*

O previsto na disposición adicional vixésima da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non resultará de aplicación aos consortios constituídos antes da entrada en vigor desta lei que non teñan a consideración de Administración pública para efectos do Sistema europeo de contas, estean participados por entidades locais e entidades privadas, non estean incurso en perdas durante dous exercicios consecutivos e non reciban nin recibisen subvencións das administracións públicas nos cinco exercicios anteriores ao de entrada en vigor desta lei con independencia das achegas a que estean obrigados os entes consorciados. Estes consortios, en canto se manteñan todas as condicións mencionadas, rexeranse polo previsto nos seus respectivos estatutos.

**Disposición adicional décimo quinta.** *Asunción polas comunidades autónomas das competencias relativas á educación.*

As normas reguladoras do sistema de financiamento das comunidades autónomas e das facendas locais fixarán os termos en que as comunidades autónomas asumirán a titularidade das competencias que se prevén como propias do municipio, mesmo cando fosen exercidas por estas, por deputacións provinciais ou entidades equivalentes, ou por calquera outra entidade local, relativas a participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes, así como a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, para o que se prevé o correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais.

**Disposición adicional décimo sexta.** *Cabidos e consellos insulares.*

1. A aplicación desta lei aos cabidos insulares canarios realizarase nos termos previstos na súa lexislación específica e con estrita suxeición aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. A aplicación desta lei aos consellos insulares das Illes Balears realizarase nos termos previstos na súa lexislación específica e con estrita suxeición aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**Disposición adicional décimo sétima.** *Apertura de lugares de culto.*

Para a apertura de lugares de culto, as igrexas, confesións ou comunidades relixiosas deberán acreditar a súa personalidade xurídica civil mediante certificado do Rexistro de Entidades Relixiosas, emitido para o efecto, no cal constará o lugar de culto que se pretenda constituír. Obtida esa certificación, a súa tramitación axustarase ao disposto no artigo 84.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sen prexuízo de solicitar a licenza urbanística que corresponda.

**Disposición transitoria primeira.** *Asunción polas comunidades autónomas das competencias relativas á saúde.*

1. Tras a entrada en vigor desta lei, de acordo coas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das facendas locais, as comunidades autónomas asumirán a titularidade das competencias que se prevían como propias do municipio, relativas á participación na xestión da atención primaria da saúde.

As comunidades autónomas asumirán a titularidade destas competencias, con independencia de que o seu exercicio o viñesen realizando municipios, deputacións provinciais ou entidades equivalentes, ou calquera outra entidade local.

2. No prazo máximo de cinco anos desde a entrada en vigor desta lei, as comunidades autónomas asumirán de forma progresiva, un vinte por cento anual, a xestión dos servizos asociados ás competencias sanitarias mencionadas no número anterior.

Para estes efectos, a comunidade autónoma elaborará un plan para a avaliación e reestruturación dos servizos.

3. En todo caso, a xestión polas comunidades autónomas dos servizos anteriormente citados non poderá supor un maior gasto para o conxunto das administracións públicas.

4. O disposto nos números anteriores enténdense sen prexuízo da posibilidade das comunidades autónomas de delegar as ditas competencias nos municipios, deputacións provinciais ou entidades equivalentes, de conformidade co artigo 27 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

5. Nos termos previstos no número 1, e de acordo coas normas reguladoras do sistema de financiamento das comunidades autónomas e das facendas locais, cada ano que transcorra, dentro do período de cinco anos anteriormente mencionado, sen que as comunidades autónomas asumisen o desenvolvemento do vinte por cento dos servizos previsto nesta disposición ou, se for o caso, acordasen a súa delegación, os servizos seguiranos prestando o municipio, a deputación provincial ou a entidade equivalente con cargo á comunidade autónoma. Se a comunidade autónoma non transferir as contías precisas para isto, aplicaranse as retencións nas transferencias que lles correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento, tendo en conta o que dispoña a súa normativa reguladora.

**Disposición transitoria segunda.** *Asunción polas comunidades autónomas das competencias relativas a servizos sociais.*

1. Con data do 31 de decembro de 2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das facendas locais, as comunidades autónomas asumirán a titularidade das competencias que se prevían como propias do municipio, relativas á prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social.

As comunidades autónomas asumirán a titularidade destas competencias, con independencia de que o seu exercicio o viñesen realizando municipios, deputacións provinciais ou entidades equivalentes, ou calquera outra entidade local.

2. No prazo máximo sinalado no número anterior, e logo da elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos, as comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, deberán asumir a cobertura inmediata da dita prestación.

3. En todo caso, a xestión polas comunidades autónomas dos servizos anteriormente citados non poderá supor un maior gasto para o conxunto das administracións públicas.

4. O disposto nos números anteriores enténdese sen prexuízo da posibilidade das comunidades autónomas de delegar as ditas competencias nos municipios, deputacións provinciais ou entidades equivalentes, de conformidade co artigo 27 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

5. Se na data citada no número 1 desta disposición, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento das comunidades autónomas e das

facendas locais, as comunidades autónomas non asumiron o desenvolvemento dos servizos da súa competencia prestados polos municipios, deputacións provinciais ou entidades equivalentes, entidades locais ou, se for o caso, non acordaron a súa delegación, os servizos seguiraos prestando o municipio con cargo á comunidade autónoma. Se a comunidade autónoma non transferir as contías precisas para isto, aplicaranse as retencións nas transferencias que lles correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento, tendo en conta o que dispoña a súa normativa reguladora.

**Disposición transitoria terceira.** *Servizos de inspección sanitaria.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, as comunidades autónomas prestarán os servizos relativos á inspección e control sanitario de matadoiros, de industrias alimentarias e bebidas que até ese momento viñesen prestando os municipios.

**Disposición transitoria cuarta.** *Disolución de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio.*

1. As entidades de ámbito territorial inferior ao municipio existentes no momento da entrada en vigor da presente lei manterán a súa personalidade xurídica e a condición de entidade local.

2. Con data do 31 de decembro de 2014, as entidades de ámbito territorial inferior ao municipio deberán presentar as súas contas ante os organismos correspondentes do Estado e da comunidade autónoma respectiva para non incorreren en causa de disolución.

3. A non presentación de contas polas entidades de ámbito territorial inferior ao municipio ante os organismos correspondentes do Estado e da comunidade autónoma respectiva será causa de disolución. A disolución será acordada por decreto do órgano de goberno da comunidade autónoma respectiva en que se poderá determinar o seu mantemento como forma de organización descentrada.

A disolución en todo caso comportará:

a) Que o persoal que estivese ao servizo da entidade disolta quede incorporado no concello en cuxo ámbito territorial estea integrada.

b) Que o concello de que dependa a entidade de ámbito territorial inferior ao municipio quede subrogado en todos os seus dereitos e obrigacións.

**Disposición transitoria quinta.** *Entidades de ámbito territorial inferior ao municipio en constitución.*

O núcleo de poboación que antes do 1 de xaneiro de 2013 iniciase o procedemento para a súa constitución como entidade de ámbito territorial inferior ao municipio, unha vez que se constituía, farao con personalidade xurídica propia e coa condición de entidade local e rexerese polo disposto na lexislación autonómica correspondente.

**Disposición transitoria sexta.** *Réxime transitorio para os consorcios.*

Os consorcios que xa estivesen creados no momento da entrada en vigor desta lei deberán adaptar os seus estatutos ao previsto nela no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei.

Se esta adaptación der lugar a un cambio no réxime xurídico aplicable ao persoal ao seu servizo ou no seu réxime orzamentario, contable ou de control, este novo réxime será de aplicación a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte.

**Disposición transitoria sétima.** *Réxime transitorio dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter estatal.*

Mentres non entre en vigor o Regulamento previsto no artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e en todo aquilo que non se opoña ao disposto nesta lei, mantén a súa vixencia a normativa regulamentaria referida aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación do citado artigo.

Os procedementos administrativos referidos a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter estatal iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei continuarán a súa tramitación e resolveranse de acordo coa normativa vixente no momento da súa iniciación.

As referencias á escala de funcionarios con habilitación de carácter estatal entenderanse feitas á escala de funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional.

**Disposición transitoria oitava.** *Réxime transitorio para o persoal directivo das deputacións, cabidos e consellos insulares.*

O réxime previsto no artigo 32 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, será de aplicación aos nomeamentos que se produzan con posterioridade á entrada en vigor desta lei.

**Disposición transitoria novena.** *Réxime transitorio para os directores xerais das entidades locais.*

O previsto no número terceiro do artigo 130 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, será de aplicación aos nomeamentos que se produzan con posterioridade á entrada en vigor desta lei.

**Disposición transitoria décima.** *Aplicación das limitacións referidas ao número de persoal eventual e cargos públicos con dedicación exclusiva.*

1. Ás entidades locais que cumpran cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e ademais o seu período medio de pagamento aos provedores non supere en máis de 30 días o prazo máximo previsto da normativa de morosidade, non se lles aplicarán, con carácter excepcional, os límites previstos nos artigos 75 bis e ter e 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, até o 30 de xuño de 2015.

2. O cumprimento dos requisitos previstos no número anterior será verificado pola Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que, en virtude da información comunicada polas entidades locais ao mencionado ministerio, publicará unha lista das entidades locais que cumpren os requisitos previstos no número anterior.

3. A excepción prevista nesta disposición poderase aplicar ás entidades locais que cumpran cos requisitos mencionados no número primeiro no momento da entrada en vigor desta lei e manterase a súa aplicación até o 30 de xuño de 2015 en canto sigan cumprindo os requisitos mencionados.

4. En ningún caso, as entidades locais en que concorran os requisitos a que se refire esta disposición poderán incrementar o número total de postos de traballo de persoal eventual ou cargos públicos con dedicación exclusiva respecto ao que dispoñían en 31 de decembro de 2012.

**Disposición transitoria décimo primeira.** *Mancomunidades de municipios.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, as mancomunidades de municipios deberán adaptar os seus estatutos ao previsto no artigo 44 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para non incorreren en causa de disolución.

As competencias das mancomunidades de municipios estarán orientadas exclusivamente á realización de obras e á prestación dos servizos públicos que sexan necesarios para que os municipios poidan exercer as competencias ou prestar os servizos enumerados nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O expediente para a disolución será iniciado e resolto polo órgano de goberno da comunidade autónoma e, en todo, caso comportará:

a) Que o persoal que estivese ao servizo da mancomunidade disolta quede incorporado nas entidades locais que formaran parte dela de acordo co previsto nos seus estatutos.

b) As entidades locais que formaran parte da mancomunidade disolta quedan subrogadas en todos os seus dereitos e obrigacións.

**Disposición derogatoria.** *Derrogación normativa.*

No momento da entrada en vigor desta lei quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o establecido nela. En particular, quedan derogadas a disposición adicional segunda e a disposición transitoria sétima da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*

Modifícase o número segundo do artigo 97 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Para a execución efectiva en réxime de monopolio das actividades reservadas de acordo co disposto no artigo 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, requirírase o cumprimento dos trámites previstos no número anterior referidos á conveniencia do réxime de monopolio e solicitarase informe da autoridade de competencia correspondente, ben que o acordo a que se refire a súa letra d) deberá ser optado por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Recaído acordo da corporación, levarase o expediente completo ao órgano competente da comunidade autónoma. O consello de goberno desta deberá resolver sobre a súa aprobación no prazo de tres meses.

Se se solicita ditame do Consello de Estado ou do órgano consultivo superior do consello de goberno da comunidade autónoma, onde existise, non se computará o tempo investido en tramitar a consulta.»

**Disposición derradeira segunda.** *Modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

Modifícase a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para incluír unha nova disposición adicional, a vixésima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésima. *Réxime xurídico dos consorcios.*

1. Os estatutos de cada consorcio determinarán a Administración pública a que estará adscrito, así como o seu réxime orgánico, funcional e financeiro de acordo co previsto nos seguintes números.



2. De acordo cos seguintes criterios de prioridade, referidos á situación no primeiro día do exercicio orzamentario, o consorcio quedará adscrito, en cada exercicio orzamentario e por todo este período, á Administración pública que:

- a) Dispoña da maioría de votos nos órganos de goberno.
- b) Teña facultades para nomear ou destituír a maioría dos membros dos órganos executivos.
- c) Teña facultades para nomear ou destituír a maioría dos membros do persoal directivo.
- d) Dispoña dun maior control sobre a actividade do consorcio debido a unha normativa especial.
- e) Teña facultades para nomear ou destituír a maioría dos membros do órgano de goberno.
- f) Financie en máis dun cincuenta por cento ou, no seu defecto, en maior medida a actividade desenvolvida polo consorcio, tendo en conta tanto a achega do fondo patrimonial como o financiamento concedido cada ano.
- g) Teña a maior porcentaxe de participación no fondo patrimonial.
- h) Teña maior número de habitantes ou extensión territorial dependendo de se os fins definidos no estatuto están orientados á prestación de servizos, ás persoas ou ao desenvolvemento de actuacións sobre o territorio.

3. No suposto de que participen no consorcio entidades privadas sen ánimo de lucro, en todo caso o consorcio estará adscrito á Administración pública que resulte de acordo cos criterios establecidos no número anterior.

4. Os consorcios estarán suxeitos ao réxime de elaboración de orzamentos, contabilidade e control da Administración pública a que estean adscritos, sen prexuízo da súa suxeición ao previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. En todo caso, levarase a cabo unha auditoría das contas anuais que será responsabilidade do órgano de control da Administración a que se adscribise o consorcio. Os consorcios deberán formar parte dos orzamentos e incluírse na conta xeral da Administración pública de adscrición.

5. O persoal ao servizo dos consorcios poderá ser funcionario ou laboral procedente exclusivamente dunha reasignación de postos de traballo das administracións participantes, o seu réxime xurídico será o da Administración pública de adscrición e as súas retribucións en ningún caso poderán superar as establecidas para postos de traballo equivalentes naquela.»

**Disposición derradeira terceira.** *Modificación da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.*

Modifícase o número 1 do artigo 36 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, nos seguintes termos:

«1. No suposto de que as entidades locais incumpran a obrigaón de remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas toda a información relativa á liquidación dos seus respectivos orzamentos de cada exercicio, de acordo co establecido no artigo 193.5 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local procederá a reter, a partir do mes de xuño do exercicio seguinte ao que corresponda aquela liquidación e até que se produza a regularización da citada remisión, así como a das liquidacións dos exercicios a que resulta de aplicación a presente norma, o importe das entregas á conta e, se for o caso, anticipos e liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado que lles corresponda.

Así mesmo, no suposto de que as entidades locais incumpran a obrigaón de remitir ao Tribunal de Contas a información a que se refire o artigo 212.5 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto

lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderase reter o importe das entregas á conta e, se for o caso, anticipos e liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado que lles corresponda, e até que se considere cumprida tal obrigaón de remisión. Para que a anterior retención, ou suspensión dela, se poida practicar, será necesaria unha comunicación do Tribunal de Contas á Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local.

Para estes efectos, será obxecto de retención a contía resultante, unha vez practicados, se for o caso, os reintegros e as devolucións dos anticipos regulados nas leis de orzamentos xerais do Estado, así como as retencións a que se refire a disposición adicional cuarta do mencionado texto refundido.»

**Disposición derradeira cuarta.** *Modificación do Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo.*

Incorpórase un novo número 5 ao artigo 39, coa seguinte redacción:

«5. Excepcionalmente, os municipios que dispoñan dun patrimonio público do solo poderano destinar a reducir a débeda comercial e financeira do concello, sempre que se cumpran todos os requisitos seguintes:

- a) Ter aprobado o orzamento da entidade local do ano en curso e liquidado os dos exercicios anteriores.
- b) Ter o rexistro do patrimonio municipal do solo correctamente actualizado.
- c) Que o orzamento municipal teña correctamente contabilizadas as partidas do patrimonio municipal do solo.
- d) Que exista un acordo do pleno da corporación local en que se xustifique que non é necesario dedicar esas cantidades aos fins propios do patrimonio público do solo e que se van destinar á redución da débeda da corporación local, indicando o modo en que se procederá á súa devolución.
- e) Que se obtivese a autorización previa do órgano que exerza a tutela financeira.

O importe de que se dispoña deberá ser repostado pola corporación local, nun prazo máximo de dez anos, de acordo coas anualidades e porcentaxes fixadas por acordo do pleno para a devolución ao patrimonio municipal do solo das cantidades utilizadas.

Así mesmo, os orzamentos dos exercicios seguintes ao de adopción do acordo deberán recoller, con cargo aos ingresos correntes, as anualidades citadas no parágrafo anterior.»

**Disposición derradeira quinta.** *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro dos títulos competenciais recollidos nos números 14 e 18 do artigo 149.1 da Constitución.

**Disposición derradeira sexta.** *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY